

1

Panorama económico

1.1. Contexto económico xeral

1.2. Indicadores macroeconómicos de Galicia

1.3. Evolución demográfica

1.1.

Contexto económico xeral

A actividade económica mundial medrou en 2018 un 3,6%, dúas décimas menos que no ano anterior, sendo as locomotoras deste crecemento as economías de Estados Unidos e China. En termos xerais, este crecemento apoiouse no mantemento das políticas monetarias acomodaticias, que impulsou o crédito aínda que continúa aumentando o endebedamento, tanto público como privado. Xunto a este risco do endebedamento, entre os factores que explican a devandita desaceleración, cómpre mencionar, entre outros, o impacto negativo que ten a guerra comercial entre Estados Unidos e China, a ralentización da economía chinesa, provocada polas súas reformas regulatorias, a incidencia negativa do ritmo de crecemento de países como Arxentina, Turquía e Irán, con gran relevancia nas súas rexións, a incerteza dunha saída sen acordo do Reino Unido da Unión Europea (Brexit), as tensións sociais en Francia, a ralentización da produción en Alemaña ou os problemas orzamentarios de Italia.

Neste contexto internacional, algo menos favorable que o acontecido en 2017, a economía galega presenta por terceiro ano consecutivo un maior dinamismo que a economía española e europea. En 2018 o Produto In-

terior Bruto (PIB) galego en termos reais rexistrou no conxunto do ano unha medra do 2,8%, catro décimas menos que no ano anterior, situándose esta porcentaxe no 2,6% no conxunto do Estado. Doutra banda, a actividade económica no conxunto dos países da UE-28 e da zona euro experimentou unha medra do 1,9% e 1,8%, respectivamente.

No último ano o devandito crecemento agregado do PIB galego explícase pola achega positiva da demanda interna (2,9 puntos) en tanto que o saldo exterior neto detrae unha décima. Entre os compoñentes da demanda interna, o aspecto máis positivo segue a ser o forte impulso do investimento, que experimenta un incremento de 7%, así como a aceleración do consumo final dos fogares (2,3%). No que á demanda externa se refire, as exportacións medraron un 4,8% fronte ao 2,3% das compras exteriores. Salienta a ralentización da taxa de crecemento das exportacións, se ben no cuarto trimestre do ano contráese o crecemento interanual tanto as exportacións como das importacións.

Dende o punto de vista da oferta, a evolución sectorial mostra un crecemento positivo do VEB aportado por

todos os sectores económicos. Destaca o impulso da construción que presenta unha medra do 6,1% no conxunto do ano, e da industria cun 3,8% máis de VEB no último ano en relación ao ano anterior.

A remuneración de asalariados mantén o incremento iniciado en 2015, cunha medra do 4,1%, porcentaxe inferior ao do excedente de explotación bruto/renda mixta bruta, cun 3,3%, e ao PIB nominal, cun 3,7%. Tras esta evolución, o peso relativo da remuneración dos asalariados no PIB sitúase no 42,4% en tanto que o peso dos EBE descende ata o 47,9%.

No concernente ao emprego, a Enquisa de Poboación Activa reflicte que a taxa de paro en Galicia descende no último ano ata o 13,3%, dous puntos por baixo da taxa de paro no conxunto do Estado (15,3%). As taxas de actividade e ocupación sitúanse no 53,3% e 46,2%, respectivamente, porcentaxes que sitúan a Galicia entre as CC.AA. con taxas de actividade e ocupación máis reducidas. No conxunto do Estado, a taxa de actividade ascendeu ata o 58,7%, situándose a taxa de ocupación no 49,7%.

No devandito marco internacional, o nivel competitivo de Galicia en relación ao resto das CC.AA. españolas segue a considerarse medio-baixo atendendo ao valor do Índice de Competitividade Rexional de España (ICREG) elaborado polo Consejo General de Economistas. Dende o ano 2012 mantense no décimo posto entre as distintas Comunidades Autónomas.

Dende un punto de vista dinámico, considérase que Galicia presenta un dinamismo moderado, se ben existen importantes diferencias entre os distintos eixos considerados. Así, o devandito índice reflicte que o entorno económico presenta un forte dinamismo e o capital humano, un crecemento moderado. No extremo oposto, as infraestruturas básicas e a innovación presentan unha evolución moi negativa, cualificándose de negativa o ámbito institucional.

O obxectivo deste capítulo é analizar o contexto económico no que se desenvolve a economía galega. Con tal motivo, estrutúrase en tres grandes apartados. En primeiro lugar, explícase a conxuntura económica mun-

dial, tendo en conta as principais áreas económicas, facendo especial mención á situación da Unión Europea e a zona euro. A continuación analízase o panorama económico de España, e por último, faise mención á Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Panorama económico internacional

No ano 2018 a actividade económica mundial mantivo un notable ritmo de crecemento segundo as estimacións do Fondo Monetario Internacional (FMI). O PIB real medrou un 3,6%, dúas décimas menos que no ano anterior, rexistrándose esta desaceleración tanto nas economías avanzadas (2,2%, dúas décimas menos que en 2017) como nos países emerxentes e en desenvolvemento (4,5%, tres décimas menos). Segundo este organismo internacional, entre as causas desta desaceleración están, entre outros factores, a ralentización do comercio internacional, as tensións comerciais entre China e Estados Unidos, a incerteza derivada do Brexit e, por conseguinte, das relacións entre a Unión Europea e o Reino Unido, ou os riscos relacionados coa fragilidade do sector financeiro.

Como reflicte o **cadro 1.1.1.**, a demanda interna constitúe o motor de crecemento das economías avanzadas, cunha achega de 2,2 puntos porcentuais ao crecemento agregado do PIB, sendo nula a contribución do sector exterior neto. O compoñente da demanda interna que presenta un maior crecemento volve a ser o investimento, cun incremento do 3,1%, seguido pola medra do gasto en consumo privado, cun 2%, e en menor medida, o consumo público, cun 1,6%. Comparado co ano anterior, cómpre resaltar a aceleración no ritmo de crecemento do gasto público, que no ano anterior medrara un 0,7%.

Entre as principais economías, tan só **Estados Unidos** presenta un maior crecemento do PIB que no ano precedente, impulsado pola achega da demanda interna, xa que a demanda externa detrae, por quinto ano consecutivo, décimas ao crecemento do PIB. En 2018 a economía dos Estados Unidos medrou un 2,9%, sete décimas máis que no ano precedente, sendo a achega da demanda interna de 3 puntos (2,5 puntos no ano 2017) en tanto que a demanda externa detrae unha dé-

Economía internacional 2014-19: evolución dos principais indicadores

	2014	2015	2016	2017	2018	2019 (1)
Produto Interior Bruto real						
Economía mundial	3,6	3,4	3,4	3,8	3,6	3,3
Economías avanzadas	2,1	2,3	1,7	2,4	2,2	1,8
EE.UU.	2,5	2,9	1,6	2,2	2,9	2,3
Xapón	0,4	1,2	0,6	1,9	0,8	1,0
Zona Euro	1,4	2,1	2,0	2,4	1,8	1,3
Alemaña	2,2	1,5	2,2	2,5	1,5	0,8
Francia	1,0	1,1	1,2	2,2	1,5	1,3
Italia	0,1	0,9	1,1	1,6	0,9	0,1
España	1,4	3,6	3,2	3,0	2,5	2,1
Países emerxentes e en desenvolvemento	4,7	4,3	4,6	4,8	4,5	4,4
China	7,3	6,9	6,7	6,8	6,6	6,3
India	7,4	8,0	8,2	7,2	7,1	7,3
Demanda interna real total						
Economías avanzadas	2,1	2,6	1,9	2,3	2,2	1,9
EE.UU.	2,6	3,6	1,8	2,5	3,0	2,5
Xapón	0,4	0,8	0,0	1,4	0,6	1,3
Zona Euro	1,3	2,4	2,4	1,7	1,7	1,3
Alemaña	1,6	1,4	2,9	2,2	1,9	1,1
Francia	1,5	1,5	1,7	2,1	1,0	1,0
Italia	0,2	1,5	1,5	1,4	1,0	-0,2
España	2,0	4,0	2,4	3,0	3,0	2,2
Gasto en consumo privado						
Economías avanzadas	1,8	2,5	2,2	2,2	2,0	1,6
EE.UU.	2,9	3,7	2,7	2,5	2,6	2,2
Xapón	-0,9	-0,2	-0,1	1,1	0,4	0,4
Zona Euro	0,9	1,8	2,0	1,6	1,3	1,1
Alemaña	1,1	1,6	1,9	2,0	0,9	0,8
Francia	0,8	1,5	2,1	1,0	0,9	0,8
Italia	0,2	1,9	1,3	1,5	0,6	0,3
España	1,5	3,0	2,9	2,5	2,4	2,0
Gasto en consumo público						
Economías avanzadas	0,5	1,7	1,9	0,7	1,6	1,6
EE.UU.	-0,8	1,7	1,5	-0,1	1,2	1,0
Xapón	0,5	1,5	1,4	0,3	0,8	1,3
Zona Euro	0,7	1,3	1,8	1,1	1,0	1,3
Alemaña	1,6	2,9	4,0	1,6	1,0	2,1
Francia	1,3	1,0	1,4	1,3	1,0	0,8
Italia	-0,7	-0,6	0,1	-0,2	0,2	-0,4
España	-0,3	2,0	1,0	1,9	2,3	1,7
Formación bruta de capital						
Economías avanzadas	3,5	3,2	2,0	3,8	3,1	2,5
EE.UU.	4,9	3,3	1,7	4,0	4,8	3,6
Xapón	3,1	1,6	-0,3	3,0	1,3	1,9
Zona Euro	1,7	4,9	4,0	2,6	3,0	2,4
Alemaña	3,9	1,1	3,3	3,6	2,7	3,0
Francia	0,0	1,0	2,8	4,5	2,9	1,8
Italia	-2,3	2,1	3,5	4,4	3,4	-1,0
España	4,7	6,7	2,9	4,8	5,2	2,9

(1) 2019: previsións

(consulta: 10-04-2019)

Fonte: Fondo Monetario Internacional, *World economic outlook*

1.1.1.a.

Economía internacional 2014-19: evolución dos principais indicadores (cont.)

	2014	2015	2016	2017	2018	2019 (1)
IPC (medias anuais)						
Economías avanzadas	1,4	0,3	0,8	1,7	2,0	1,6
EE.UU.	1,6	0,1	1,3	2,1	2,4	2,0
Xapón	2,8	0,8	-0,1	0,5	1,0	1,1
Zona Euro	0,4	0,2	0,2	1,5	1,8	1,3
Alemaña	0,8	0,7	0,4	1,7	1,9	1,3
Francia	0,6	0,1	0,3	1,2	2,1	1,3
Italia	0,2	0,1	-0,1	1,3	1,2	0,8
España	-0,2	-0,5	-0,2	2,0	1,7	1,2
Países emerxentes e en desenvolvemento						
China	2,0	1,4	2,0	1,6	2,1	2,3
India	5,8	4,9	4,5	3,6	3,5	3,9
Produtividade laboral (2)						
Economías avanzadas	1,6	-0,6	1,5	1,8	0,9	1,4
EE.UU.	0,0	-1,6	0,3	0,7	0,8	1,1
Xapón	2,1	-3,3	1,3	3,2	1,5	3,8
Zona Euro	2,1	1,6	2,3	1,8	0,2	0,7
Taxa de desemprego						
Economías avanzadas	7,3	6,7	6,2	5,6	5,1	5,0
EE.UU.	6,2	5,3	4,9	4,4	3,9	3,8
Xapón	3,6	3,4	3,1	2,8	2,4	2,4
Zona Euro	11,6	10,9	10,0	9,1	8,2	8,0
Alemaña	5,0	4,6	4,2	3,8	3,4	3,4
Francia	10,3	10,4	10,1	9,4	9,1	8,8
Italia	12,6	11,9	11,7	11,3	10,6	10,7
España	24,4	22,1	19,6	17,2	15,3	14,2

(1) 2019: previsións

(2) medida coma o cociente entre a remuneración por hora e o custo unitario da man de obra

(consulta: 10-04-2019)

Fonte: Fondo Monetario Internacional, *World economic outlook*

1.1.1.b.

cima ao crecemento agregado do PIB (tres décimas en 2017). Esta expansión económica ven motivada en grande parte pola acentuación da política fiscal expansiva e procíclica, vía aumento de gasto e unha redución de impostos.


Entre as variables da demanda interna o investimento e o gasto en consumo privado son as compoñentes que presentan un maior incremento, cun 4,8% e 2,6%, respectivamente. Asemade, cómpre resaltar que fronte á contracción do gasto das Administración Públicas rexistrado no ano 2017, no último ano o gasto público medrou un 1,2%.

A diferenza do acontecido na economía dos EE.UU, a medra da actividade produtiva en **Xapón** e no conxunto dos países da zona euro está novamente influenciada tanto pola achega da demanda externa como interna. A

economía xaponesa medra no último ano un 0,8% (1,9% no ano anterior) sendo a contribución da demanda interna de 0,6 puntos porcentuais e de 0,2 puntos da demanda externa. No concernente á demanda interna, a pesar da súa ralentización o investimento mantense como a variable de maior crecemento, cun 1,3% (3% no ano anterior). A diferenza do acontecido no ano anterior, o consumo privado sitúase como a compoñente de menor ritmo de crecemento, cunha medra do 0,4% respecto ao ano anterior (1,1% en 2017), en tanto que o gasto en consumo público increméntase un 0,8%, medio punto por riba do estimado no ano precedente.

No que atinxe á **zona euro**, a taxa de variación interanual do PIB foi do 1,8%, seis décimas menos que no ano anterior, situándose a demanda interna como o motor de crecemento, cunha achega ao crecemento agregado do PIB de 1,7 puntos porcentuais fronte á décima do

Prezo do barril de Brent 2008-2018



Fonte: US Energy Information Administration

1.1.2.

sector exterior neto. Entre as variables da demanda interna, a que presenta un maior dinamismo segue a ser o investimento, cunha medra do 3% (2,6% en 2017), seguido polo consumo privado, cun 1,3% (1,6% no ano anterior). O gasto en consumo público aumenta un 1%, unha décima menos que no ano precedente.


A este crecemento da zona euro axudou a política monetaria do BCE, as condicións de financiamento favorables nos mercados financeiros, a mellora do mercado de traballo e o incremento das exportacións. Asemade, hai que mencionar que o déficit público e a débeda pública na eurozona continúa a súa tendencia descendente, situándose no último ano no 0,5% do PIB e no 84,9%, respectivamente.

O dinamismo económico trasládase ao mercado de traballo, quen experimenta descensos xeneralizados da taxa de desemprego. No conxunto das economías avanzadas a taxa de paro sitúase no 5,1%, acadando valores significativamente máis reducidos en Xapón e Estados Unidos, cun 2,4% e 3,9%, respectivamente. No conxunto dos países da zona euro a taxa de paro descende ata o 8,2% en 2018, situándose esta porcentaxe no 3,4% en Alemaña (15,3% en España).

No que atinxe ao nivel de prezos, en 2018 continúa a presión alcista da inflación influenciada pola evolución do prezo do petróleo, se ven a alza dos prezos tivo unha evolución dispar ao longo do ano. O forte incremento experimentado nos primeiros trimestres do ano ven motivado polo crecemento da demanda mundial, a redución de inventarios na área da OCDE, o acordo da OPEP de recortar a produción ou a redución experimentada en países como Venezuela e Irán. Posteriormente, a minoración do consumo ante o encarecemento do petróleo, o incremento da produción dos países non-OPEP (Estados Unidos, e en menor medida, Rusia e Arabia Saudí), e o temor a que as restricións acordadas entre OPEP e Rusia non se seguisen cumprindo, impulsaron a caída do prezo dende o mes de outubro.

O prezo do barril de petróleo acada un valor máximo de 85,44 euros a comezo do mes de outubro, reducíndose paulatinamente a medida que avanza o ano para situarse nos 51,03 euros a finais do mes de decembro (15,49 euros menos que na mesma data do ano anterior). A principios de decembro de 2018 os países da OPEP decidiron restablecer os recortes da produción de petróleo, sumándose Rusia a este acordo.

Tipo de cambio do euro 2005-18



Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

1.1.3.

En relación aos mercados de divisas, o **cadro 1.1.3.** reflicte que os tipos de cambio reais do dólar, libra e ien fronte ao euro aumenta no último ano, o que indica unha apreciación do euro fronte ás outras tres divisas.

No que se refire ás economías dos mercados emerxentes e en desenvolvemento, estes tamén presentan unha lixeira desaceleración no seu ritmo de crecemento. As taxas de variación interanual do PIB nestes países ascende en 2018 ata o 4,5%, tres décimas menos que no ano anterior. Dunha banda, os mercados emerxentes da rexión de Asia e Pacífico seguen sendo os de maior crecemento a escala mundial mantendo unha taxa de variación interanual do 6,4% no ano 2018.

Esta evolución explícase, fundamentalmente, tanto polo comportamento da economía de China, que en 2018 presenta unha medra interanual do 6,6%, dúas décimas menos que no ano anterior, como pola economía da India, cun incremento do PIB do 7,1% (7,2% en 2017). Na segunda parte do ano a economía de China rexistra unha desaceleración no seu ritmo de crecemento por mor das políticas dirixidas a conter a expansión do crédito e o endebedamento excesivo. Asemade, as tensións comerciais entre China e Estados Unidos impacta negativamente no seu crecemento.

Por outra banda, entre os países emerxentes e en desenvolvemento europeos presentaron unha forte ralentización no último ano ao presentar unha medra do 3,6% en 2018 fronte ao 6% do ano anterior. Entre estes países salienta o comportamento de Turquía, que influenciado polas tensións macroeconómicas internas, presenta unha medra moi inferior á do ano anterior: 2,6% en 2018 fronte ao 7,4% do ano precedente. Entre os países que conforman a Comunidade de Estados Independentes, Rusia medra un 2,3%, sete décimas máis que no ano anterior).

No conxunto de países emerxentes de América Latina e Caribe o PIB medra en 2018 un 1%, dúas décimas menos que no ano anterior, destacando a contracción económica experimentada en Arxentina, cunha contracción do 2,5% fronte á medra do 2,7% no ano 2017 (Brasil presenta unha medra do 1,1%, fronte ao 2% de México ou o 4% de Chile).

• Unión Europea (UE-28)

A actividade económica da UE-28 ralentiza o seu ritmo de crecemento no último ano, acadando en 2018 unha taxa de variación interanual do 2% segundo os datos recollidos nas previsións económicas de primavera presen-

Indicadores macroeconómicos dos Estados membros da UE 2017-18 e previsións para 2019

	PIB			Inflación media (1)			Desemprego			Déficit Público (2)		
	2017	2018	2019	2017	2018	2019	2017	2018	2019	2017	2018	2019
	(taxa de variación anual)						(%)			(taxa de variación anual)		
Bélxica	1,7	1,4	1,2	2,2	2,3	1,8	7,1	6,0	5,6	-0,8	-0,7	-1,3
Alemaña	2,2	1,4	0,5	1,7	1,9	1,5	3,7	3,4	3,1	1,0	1,7	1,0
Estonia	4,3	3,9	2,8	3,7	3,4	2,4	5,8	5,7	5,7	-0,4	-0,6	-0,3
Irlanda	7,3	6,7	3,8	0,3	0,7	1,0	6,7	5,8	5,4	-0,3	0,0	0,0
Grecia	1,6	1,9	2,2	1,1	0,8	0,8	21,5	19,3	18,2	0,7	1,1	0,5
España	3,1	2,6	2,1	2,0	1,7	1,1	17,2	15,3	13,5	-3,1	-2,5	-2,3
Francia	1,8	1,6	1,3	1,2	2,1	1,3	9,4	9,1	8,8	-2,8	-2,5	-3,1
Italia	1,5	0,9	0,1	1,3	1,2	0,9	11,2	10,6	10,9	-2,4	-2,1	-2,5
Chipre	3,8	3,9	3,1	0,7	0,8	0,9	11,0	8,4	6,7	1,8	-4,8	3,0
Letonia	4,5	4,8	3,1	2,9	2,6	2,8	8,7	7,4	6,9	-0,6	-1,0	-0,6
Lituania	3,8	3,4	2,7	3,7	2,5	2,1	7,1	6,2	6,2	0,5	0,7	0,3
Luxemburgo	3,4	2,6	2,5	2,1	2,0	1,8	5,5	5,4	5,2	1,4	2,4	1,4
Malta	6,9	6,6	5,5	1,3	1,7	1,8	4,0	3,7	3,8	3,4	2,0	1,1
Países Baixos	3,2	2,7	1,6	1,3	1,6	2,5	4,8	3,8	3,5	1,2	1,5	1,4
Austria	3,1	2,7	1,5	2,2	2,1	1,8	5,5	4,9	4,7	-0,8	0,1	0,3
Portugal	2,7	2,1	1,7	1,6	1,2	1,1	8,9	7,0	6,2	-3,0	-0,5	-0,4
Eslovenia	4,9	4,5	3,1	1,6	1,9	1,8	6,6	5,1	4,8	0,0	0,7	0,7
Eslovaquia	3,4	4,1	3,8	1,4	2,5	2,4	8,1	6,5	5,9	-0,8	-0,7	-0,5
Finlandia	3,3	2,3	1,6	0,8	1,2	1,4	8,6	7,4	6,7	-0,8	-0,7	-0,4
Bulgaria	3,8	3,1	3,3	1,2	2,6	2,0	6,2	5,2	5,0	1,2	2,0	0,8
Rep. Checa	4,5	2,9	2,6	2,4	2,0	2,4	2,9	2,2	2,2	1,6	0,9	0,2
Dinamarca	2,1	1,4	1,7	1,1	0,7	1,3	5,7	5,0	4,8	1,4	0,5	0,6
Croacia	3,2	2,6	2,6	1,3	1,6	1,0	11,2	8,5	7,8	0,8	0,2	0,1
Hungría	3,8	4,9	3,7	2,4	2,9	3,2	4,2	3,7	3,5	-2,2	-2,2	-1,8
Polonia	4,6	5,1	4,2	1,6	1,2	1,8	4,9	3,9	3,8	1,5	-0,4	-1,6
Rumanía	6,7	4,1	3,3	1,1	4,1	3,6	4,9	4,2	4,1	-2,7	-3,0	-3,5
Suecia	2,7	2,3	1,4	1,9	2,0	1,5	6,7	6,3	6,4	1,4	0,9	0,4
Reino Unido	1,8	1,4	1,3	2,7	2,5	2,0	4,3	4,0	4,1	-1,9	-1,5	-1,5
UE-28	2,4	2,0	1,4	1,7	1,9	1,6	7,6	6,8	6,5			

(1) IPC armonizado (2005=100) ou IPC nacional cando o primeiro non está dispoñible

(2) capacidade (+) necesidade (-) de financiamento das AA.PP. en porcentaxe do PIB

Fonte: EUROSTAT e Comisión Europea

1.1.4.


PIB na UE-28 no período 2014-2020: distribución segundo compoñentes

	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
	(%)						
Gasto en consumo final do sector privado	1,2	2,1	2,4	2,0	1,6	1,6	1,7
Gasto en consumo final das administracións públicas	1,2	1,4	1,7	1,0	1,1	1,6	1,3
Formación Bruta de Capital Fijo	3,0	4,9	3,1	3,1	3,2	2,1	2,1
Achega demanda interna (1)	1,9	2,5	2,3	1,9	2,0	1,6	1,4
Exportacións de bens e servizos	4,7	6,3	3,2	5,4	3,0	2,5	3,1
Importacións de bens e servizos	5,3	7,2	4,3	4,3	3,2	3,1	3,3
Saldo exterior neto (1)	-0,1	-0,2	-0,3	0,6	0,0	-0,2	0,0
PIB	1,8	2,3	2,0	2,5	2,0	1,4	1,4

(1) aportación ao crecemento do PIB a prezos de mercado

Fonte: Comisión Europea, Perspectivas económicas de primavera, abril 2019

1.1.5.

Débeda pública nas economías europeas 2009-18 ⁽¹⁾

(1) débeda pública como porcentaxe do PIB
Fonte: EUROSTAT

1.1.6.

tadas pola Comisión Europea en abril de 2019 (medio punto menos que o estimado para o ano anterior).

A demanda interna constitúe o motor de crecemento da economía comunitaria, cunha achega de dous puntos ao crecemento agregado do PIB, sendo nula a contribución do saldo exterior neto. Como amosa o **cadro 1.1.5.**, o investimento en capital fixo segue a ser a compoñente de maior dinamismo, cunha medra do 3,2%, unha décima máis que no ano anterior. O consumo privado ralentizou o seu ritmo de crecemento, presentando unha medra do 1,6% respecto ao ano anterior (2% en 2017) en tanto que a taxa de variación interanual do gasto en consumo das Administracións Públicas situouse no 1,1%, unha décima máis que no ano precedente. No que a demanda externa se refire, tanto as exportacións de bens e servizos como as importacións rexistraron no último ano unha acusada desaceleración, medrando as vendas ao exterior un 3% en 2018 (5,4% no ano precedente) e as importacións un 3,2%, 1,1 puntos menos que en 2017.


No que aos principais países se refire, España rexistrou un incremento interanual do PIB do 2,6% no último ano, superando ao resto das principais economías da

zona euro como Alemaña (1,4%), Francia (1,6%) e Italia (0,9%). A demanda interna é o principal motor de crecemento nestas economías, onde a demanda externa detrae cinco décimas ao crecemento agregado do PIB en Alemaña e catro en España, a diferenza do que acontece en Francia, onde a demanda externa achega seis décimas ao crecemento agregado do PIB. En Italia, ao igual que na UE-28, é nula a achega da demanda externa ao crecemento do PIB. Fóra da zona euro, o Reino Unido presenta unha medra do 1,4%, destacando, en comparación coas economías sinaladas anteriormente, o crecemento de 4,9% Hungría influenciado pola achega de 7 puntos da demanda interna en tanto que a demanda externa detrae 2,1 puntos ao crecemento agregado do PIB.

No concernente ás consecuencias da devandita evolución da actividade económica sobre o emprego, o crecemento do PIB real da UE-28 reflíctese tamén nunha medra da ocupación nun 1,3%, dúas décimas por baixo do estimado para o ano anterior, así como un descenso da taxa do desemprego, que se sitúa no 6,8%, oito décimas inferior á rexistrada no ano anterior.

Entre as principais economías, cómpre resaltar dunha

PIB en Galicia e España 2008-18 ⁽¹⁾⁽²⁾: evolución



(1) PIBpm, índices de volume encadenados; datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 29-05-2019)

(2) Os datos dos anos 2016 son provisionais. Os datos dos anos 2017 e 2018 son avance

Fonte: INE, Contabilidad Nacional Trimestral de España. Base 2010 e IGE, Contas económicas trimestrais de Galicia. Base 2010

1.1.7.

banda que España é un dos países con maior crecemento do emprego (contas económicas), cun incremento da ocupación do 2,5% respecto ao ano anterior, sendo esta medra do 1,3% en Alemaña, e do 0,8% e Italia e 0,9% en Francia. Pola contra, España presenta unha elevada taxa de desemprego, cun 15,3%, porcentaxe que tan só é superada por Grecia, cun 19,3% (6,8% no conxunto da Unión Europea).

Panorama económico de España

O produto interior bruto (PIB) xerado pola economía española presenta en 2018 unha moderación no seu ritmo de crecemento. Se entre os anos 2015-2017 a economía medraba a taxas iguais ou superiores ao 3%, en 2018 esta porcentaxe situábase no 2,5%, medio punto por baixo do estimado en 2017. Atendendo á súa evolución trimestral, as taxas de crecemento presentan una desaceleración paulatina ao longo de todo o ano, rematando no cuarto trimestre cunha medra do 2,3%, as porcentaxes máis reducidas dende o primeiro trimestre de 2015 (3%) (**cadro 1.1.7.**)

No que se refire á composición do crecemento, no úl-

timo ano a demanda interna constitúe o motor de crecemento da economía española ao presentar unha achega positiva ao crecemento agregado do PIB de 2,9 puntos, cifra similar á do ano anterior. Pola contra, a demanda externa detrae en 2018 catro décimas ao crecemento do PIB, cando no ano anterior contribuía positivamente (unha décima). Como reflicte o **cadro 1.1.8.**, España encadea seis trimestres onde o sector exterior neto presenta unha achega negativa ao crecemento agregado do PIB.

Entre os compoñentes da demanda interna, tanto o consumo final como a formación bruta de capital fixo (FBCF) rexistraron taxas de variación positivas, se ben mentres que o primeiro mantén o seu ritmo de crecemento, o investimento presenta un positivo impulso. No conxunto do ano 2018 a FBCF aumenta un 5,3% respecto ao ano anterior (4,8% en 2017), salientando entre os seus compoñentes o comportamento do investimento en construción, cunha medra do 6,2% (4,6% en 2017). Atendendo á súa evolución ao longo do ano, cómpre resaltar que no segundo trimestre do ano este investimento medrou un 7% respecto ao mesmo período do ano anterior.

PIB en España 2017-18: distribución segundo as súas compoñentes ⁽¹⁾

	2017		2017				2018			
			I	II	III	IV	I	II	III	IV
			(taxas de variación interanual)							
Gasto en consumo final	2,4	2,3	2,0	2,3	2,4	2,7	2,8	2,2	2,0	2,0
Gasto en consumo final dos fogares	2,5	2,3	2,3	2,5	2,6	2,7	3,0	2,3	2,0	2,0
Gasto en consumo final das ISFLSH	2,3	1,5	2,2	3,1	2,2	1,7	3,4	1,4	0,7	0,5
Gasto en consumo final das AA.PP.	1,9	2,1	1,2	1,7	2,0	2,6	2,2	2,0	2,2	2,2
Formación bruta de capital fixo	4,8	5,3	4,7	3,6	5,8	5,2	3,9	7,5	5,3	4,4
Activos fixos materiais	5,1	5,8	5,0	3,6	6,0	5,6	4,1	8,4	5,9	4,8
Construción	4,6	6,2	3,9	4,1	5,7	4,8	5,8	7,0	5,7	6,3
Bens de equipo	6,0	5,4	7,0	3,3	6,8	7,0	1,9	10,6	6,3	2,8
Productos da propiedade intelectual	3,5	2,2	3,1	3,5	4,5	3,1	2,9	2,3	1,5	1,9
Demanda interna (2)	2,9	2,9	2,5	2,6	3,2	3,3	3,1	3,3	2,7	2,5
Exportacións de bens e servizos	5,2	2,3	6,1	5,4	5,4	4,2	3,8	2,6	1,7	1,0
Exportacións de bens	4,8	1,8	6,4	3,7	5,0	3,9	3,4	2,7	1,5	-0,3
Exportacións de servizos	6,4	3,3	5,4	9,3	6,1	4,8	4,7	2,6	2,0	4,1
Importacións de bens e servizos	5,6	3,5	5,5	4,4	7,0	5,4	4,8	5,1	2,3	1,7
Importacións de bens	5,8	2,6	5,9	4,5	7,6	5,3	3,7	4,7	1,2	0,6
Importacións de servizos	4,4	7,6	3,9	3,9	4,5	5,5	9,8	7,1	7,1	6,5
Demanda externa (2)	0,1	-0,4	0,2	0,2	-0,4	-0,3	-0,3	-0,8	-0,3	-0,2
PIB a prezos de mercado	3,0	2,6	2,9	3,1	2,9	3,1	2,9	2,6	2,5	2,3
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	-0,9	2,6	-0,7	-2,5	-0,8	0,4	2,8	4,8	-0,5	3,6
Industria	4,4	1,1	4,6	4,2	4,0	4,9	2,6	2,0	1,1	-1,3
Industria manufacturera	4,4	1,4	3,7	3,7	4,6	5,4	2,8	2,5	1,0	-0,5
Construción	6,2	7,6	5,3	6,5	6,0	6,8	7,5	7,5	8,1	7,2
Servizos	2,5	2,7	2,3	2,6	2,5	2,5	2,6	2,5	2,7	3,0
Impostos netos sobre os produtos	3,3	1,5	2,7	3,1	4,2	3,4	0,9	0,9	1,0	3,0

(1) PIBpm, índices de volume encadenados; datos corregidos de efectos estacionais e de calendario (Avance, consulta: 29-05-2019)

(2) aportación ao crecemento do PIB a prezos de mercado

Fonte: INE, Contabilidad trimestral nacional de España. Base 2010

1.1.8.

Asemade, o investimento en bens de equipamento aumenta un 5,4%, seis décimas por baixo do experimentado no ano anterior, en tanto que a taxa de variación interanual no caso dos produtos da propiedade intelectual sitúase no 2,2%, 1,3 puntos menos que en 2017. Pola súa banda, o gasto en consumo final presenta no último ano unha taxa de crecemento do 2,3%, unha décima menos que en 2017. Esta evolución explícase polo comportamento do consumo final dos fogares, que medra un 2,3%, dúas décimas menos que no ano anterior, en tanto que o gasto final das Administracións Públicas presenta taxas de variación interanuais superiores ás do ano anterior, acadando en 2018 un incremento do 2,1%, dúas décimas máis que o rexistrado no ano precedente.

No concernente á demanda externa, tanto as importa-

cións de bens e servizos como as exportacións presentan no ano 2018 unha ralentización no seu ritmo de crecemento, experimentando as compras ao exterior un maior dinamismo que as exportacións. O cadro macroeconómico da economía española reflicte que as importacións presentan unha taxa de variación interanual do 3,5%, máis de dous puntos por baixo que no ano anterior, en tanto que as vendas a terceiros países medran un 2,3% respecto ao ano precedente fronte ao 5,2% experimentado en 2017.

A análise do cadro macroeconómico de España dende o lado da oferta amosa que todos os sectores produtivos presentan taxas de crecemento interanuais positivas. En primeiro lugar, cómpre resaltar que o sector da construción mantense en 2018 como o sector de maior dinamismo, cun crecemento medio anual do 7,6%, case

Índices de competitividade de España 2010-18 ⁽¹⁾

	Fronte á zona euro			Fronte á UE-28			Fronte a novos países industrializados de Asia ⁽²⁾	
	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais	Con custos laborais unitarios	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais	Con custos laborais unitarios	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais
	(base 1999 =100)							
2010	110,0	108,7	113,4	110,0	109,1	112,1	111,0	103,7
2011	110,4	109,8	111,7	110,2	110,0	110,4	110,1	106,9
2012	110,3	110,0	106,8	109,6	109,8	105,2	99,6	99,7
2013	110,5	110,2	105,0	110,2	110,2	103,9	100,4	100,8
2014	109,8	109,8	104,2	109,2	109,6	102,9	98,8	98,9
2015	108,9	110,5	104,5	107,4	109,4	102,4	83,7	84,5
2016	108,1	110,0	102,9	107,8	110,0	101,7	85,2	86,0
2017	108,7	110,9	102,3	108,8	111,1	101,2	87,4	89,3
2018	108,7	110,9	101,4	109,0	111,2	100,3	89,7	92,6

(1) a caída no índice reflicte melloras na competitividade

(2) China, Corea do Sur, Filipinas, Hong-Kong, India, Indonesia, Malaisia, Singapur, Taiwán e Tailandia.

Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

1.1.9.

punto e medio máis que no ano anterior. A continuación situaríase o sector servizos, cunha taxa de variación interanual de 2,7%, dúas décimas máis que en 2017, e o sector primario, que tras a caída experimentada no ano anterior (-0,9%) presenta un ritmo de crecemento anual do 2,6% respecto ao VEB xerado en 2017. Por contra, no último ano tan só o sector industrial experimentou unha ralentización no seu crecemento, cunha medra do 1,1% fronte ao 4,4% do ano anterior.

Atendendo á súa desagregación segundo ramas de actividade, todas as ramas de actividade presentan taxas de variación interanuais positivas agás as actividades artísticas, recreativas e outros servizos (seccións R-T, CNAE 2009), que rexistra unha caída do 0,2%. Cómpre resaltar dunha banda o crecemento do 6,1% das actividades profesionais, científicas e técnicas (seccións M-N), oito décimas por rina do experimentado no ano anterior, as actividades de información e comunicación (sección J), cun incremento do 4,6%, medio punto por riba do crecemento do ano anterior, e o comercio, transporte e hostalería (seccións G-I), cun 3%, catro décimas menos que en 2017. No sector industria, a industria manufacturera presenta unha desaceleración no seu ritmo de crecemento, cunha medra do 1,4%, tres puntos menos que no ano anterior.

Asemade, cómpre salientar que os datos correspondentes ao índice de competitividade da economía española en termos de prezos ao consumo e prezos industriais reflicten que España presenta unha perda tanto fronte ao conxunto dos países da UE-28 como aos novos países industrializados de Asia. Por contra, tan só mellora a competitividade en termos de custos laborais unitarios (**cadro 1.1.9.**).

Atendendo á distribución funcional da renda, os datos da Contabilidade trimestral do INE amosan que a remuneración por asalariado experimenta no último ano en España unha medra superior á rexistrada tanto polo PIB en termos correntes como polo excedente bruto de explotación/rendas mixtas. En 2018 a remuneración de asalariados incrementouse en España un 4,1% en relación ao ano anterior (3,5% en 2017), en tanto que o PIB en termos correntes o fai nun 3,6% (4,3% no ano precedente), de xeito que o peso da remuneración de asalariados aumenta ata o 47,1%, dúas décimas máis que en 2017 (**cadro 1.1.10.**).

O excedente bruto de explotación e a renda mixta, valor que indica o pago aos factores produtivos salvo os salarios aos traballadores, presenta no ano 2018 un incremento medio anual do 2,6%, case a metade do rexistrado no ano anterior (5%). Asemade, os impostos netos sobre a produción e as importacións increm-

Distribución funcional da renda España 2008, 2017 e 2018 ⁽¹⁾

	PIB a prezos de mercado	Remuneración dos asalariados (2)	Excedente de explotación bruto / Renda mixta bruta (3)	Impostos netos sobre produción e importacións
	(en millóns de euros)			
2008	1.116.225	559.777	465.155	91.293
2017	1.166.319	547.311	499.011	119.997
2018	1.208.248	569.686	511.842	126.720
	(% / PIB)			
2008	100,0	50,1	41,7	8,2
2017	100,0	46,9	42,8	10,3
2018	100,0	47,1	42,4	10,5

(1) PIBpm (prezos correntes); datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (Avance, consulta: 29-05-2019)

(2) Remuneración de asalariados: remuneración en efectivo e en especie a pagar polos empregadores aos seus asalariados como contrapartida do traballo realizado por estes durante o período contable. A remuneración de asalariados desagregase en: soldos e salarios e cotizacións sociais a cargo dos empregadores.

(3) Excedente de explotación bruto/Renda mixta bruta: corresponde á renda que obteñen as unidades da utilización dos seus propios activos de produción. No caso das empresas non constituídas en sociedades correspondentes ao sector fogares fábase de renda mixta. Este agregado contén un elemento que corresponde á remuneración do traballo realizado polo propietario ou por membros da súa familia e que non pode distinguirse dos seus beneficios como empresario.

Fuente: INE, Contabilidad Nacional Trimestral de España. Base 2010

1.1.10.

Mercado de traballo en Galicia e España 2017-18

	Galicia		España	
	2017	2018	2017	2018
	(taxas de variación interanual)			
PIB ⁽¹⁾	3,2	2,8	3,0	2,5
Emprego				
Afiliados en alta na Seguridade Social	2,1	2,4	3,5	3,1
Ocupación	1,2	2,4	2,6	2,7
Paro estimado	-9,2	-15,2	-12,6	-11,2
Paro rexistrado	-8,5	-10,2	-9,3	-6,5
Regulación do emprego				
Traballadores afectados por expedientes autorizados	-50,1	82,2	-33,6	26,8
Desenvolvemento empresarial				
Empresas inscritas Seguridade Social ⁽²⁾	0,5	0,7	1,1	1,5
Sociedades mercantís creadas ⁽³⁾	-10,3	-1,0	-6,6	0,8

(1) PIBpm (índices de volume encadenados), datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario, base 2010 (consulta: 09-03-2019); datos 2017 e 2018 son avances

(2) empresas inscritas no Réxime Xeral e no Réxime da Minería e do Carbón

(3) datos 2018 son provisionais

Fuente: IGE, INE e Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social.

1.1.11.

PIB e emprego nas CC.AA. 2017-18

	PIB		PIB per cápita			Emprego 2017			Emprego 2018		
	2017	2018	2017	2018		Taxa	Taxa	Taxa	Taxa	Taxa	Taxa
	(%)		(base España = 100)	(en euros)		Actividade	Ocupación	paro	Actividade	Ocupación	paro
							(%)				
Andalucía	2,7	2,4	74,0	74,0	19.132	57,4	42,7	25,5	56,9	43,8	23,0
Aragón	3,4	2,5	110,3	110,8	28.640	58,6	51,8	11,7	58,7	52,4	10,6
Asturias	3,8	2,3	88,7	89,3	23.087	50,9	43,9	13,7	50,8	43,9	13,6
Baleares	2,4	2,2	104,9	103,5	26.764	64,1	56,1	12,4	64,4	57,0	11,5
Canarias	2,7	2,4	82,1	81,3	21.031	60,3	46,2	23,5	60,4	48,3	20,1
Cantabria	3,4	3,4	90,6	92,1	23.817	55,8	48,2	13,6	54,8	49,0	10,7
Castela e León	1,7	2,5	93,5	94,4	24.397	54,8	47,1	14,1	54,5	47,9	12,1
Castela-A Mancha	2,4	2,8	79,1	79,9	20.645	58,9	46,7	20,8	58,8	48,1	18,2
Cataluña	3,2	2,3	119,9	119,0	30.769	61,7	53,5	13,4	61,3	54,2	11,5
C. Valenciana	3,1	2,1	87,9	87,6	22.659	59,1	48,4	18,2	58,5	49,4	15,6
Extremadura	2,1	2,0	70,0	70,3	18.174	54,8	40,4	26,2	55,3	42,2	23,6
Galicia	3,1	2,7	89,4	90,1	23.294	53,3	45,0	15,7	53,3	46,2	13,3
Madrid	3,3	3,7	135,0	135,1	34.916	62,9	54,5	13,3	62,9	55,2	12,2
Murcia	3,1	1,5	82,3	81,7	21.134	59,5	48,8	18,0	59,3	49,4	16,8
Navarra	2,8	3,0	123,1	123,0	31.809	59,1	53,1	10,2	59,1	53,2	10,0
País Vasco	3,1	2,2	131,5	131,8	34.079	56,2	49,8	11,3	56,3	50,7	10,0
A Ríoxa	1,5	1,6	104,5	103,8	26.833	59,0	51,9	12,0	59,2	53,0	10,4
Ceuta	1,6	1,5	78,0	77,5	20.032	55,8	43,3	22,5	58,8	41,7	29,0
Melilla	1,8	1,6	71,8	71,5	18.482	59,7	43,3	27,6	62,8	46,6	25,8
Total	3,0	2,6	100,0	100,0	25.854	58,8	48,7	17,2	58,7	49,7	15,3

Fonte: INE, Contabilidade Rexional e EPA

1.1.12.

tanse un 5,6% fronte ao 4,4% experimentado no ano anterior.

En termos agregados, o dinamismo da actividade económica tradúcese nun bo comportamento do mercado de traballo en termos da evolución da ocupación e da redución do desemprego. Dunha banda, as contas económicas amosan que o incremento da ocupación –medido en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo– foi de 453.200 persoas (2,5%), aumentando o número de persoas en alta laboral afiliadas á Seguridade Social en España en torno ás 564.900 persoas en relación ao ano anterior (un 3,1%) e a poboación ocupada estimada pola EPA en torno ás 502.900 persoas (2,7%).

Doutra banda, o número de parados rexistrados nas oficinas do Servizo Público de Emprego en 2018 desce en case 228.700 persoas en relación á mesma data do ano anterior (–6,5%) e o paro estimado pola EPA redúcese en 437.800 persoas (–11,2%). Influenciado pola redución da poboación activa e a devandita creación de emprego, a taxa de paro en España desce ata o 15,3%, unha taxa que a nivel europeo só está por debaixo da grega.

• Comunidades Autónomas

Segundo os datos recollidos na Contabilidade Rexional do INE, Galicia volve a presentar una evolución do PIB per cápita máis positiva que o conxunto do Estado, rexistrando en 2018 unha medra do 4%, oito décimas por riba do acontecido de media en España. No último ano, o PIB nominal por habitante, influenciado tanto pola medra do PIB nominal como por unha caída da poboación, ascende en Galicia a 23.294 euros, o que supón o 90,1% do PIB per cápita español (sete décimas superior ao ano anterior). Madrid e País Vasco son as CC.AA. con maior PIB por habitante (34.916 e 34.079 euros, respectivamente), mentres que no lado oposto sitúanse Extremadura (18.174 euros), a cidade autónoma de Melilla (18.482 euros) e Andalucía (19.132 euros).

En termos de volume, Galicia presenta no último ano un crecemento do 2,7%, porcentaxe unha décima inferior á media española, sendo esta medra do 3,1% no ano anterior. No último ano Madrid e Cantabria son as CC.AA. con maior crecemento, cun 3,7% e 3,4%, respectivamente, en tanto que as taxas de crecemento máis reducidas rexístranse en Murcia e Ceuta e (1,5%) e A Ríoxa e Melilla (1,6%).

Ranking das CC.AA. Segundo o Índice de competitividade rexional 2009-2017

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
1	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid
2	Navarra	Navarra	Navarra	País Vasco	País Vasco	País Vasco	País Vasco	País Vasco	País Vasco
3	País Vasco	País Vasco	País Vasco	Navarra	Navarra	Navarra	Navarra	Navarra	Navarra
4	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña
5	Aragón	Aragón	Aragón	A Rioja	Aragón	Aragón	Asturias	Aragón	Aragón
6	A Rioja	A Rioja	A Rioja	Aragón	A Rioja	A Rioja	Aragón	A Rioja	A Rioja
7	Castela e León	Castela e León	Castela e León	Cantabria	Asturias	Cantabria	A Rioja	Castela e León	Castela e León
8	Asturias	Cantabria	Asturias	Asturias	Castela e León	Asturias	Cantabria	Cantabria	Asturias
9	Galicia	Galicia	Galicia	Castela e León	Cantabria	Castela e León	Castela e León	Asturias	Cantabria
10	Cantabria	Asturias	Cantabria	Galicia	Galicia	Galicia	Galicia	Galicia	Galicia
11	C. Valenciana	C. Valenciana	C. Valenciana	Baleares	C. Valenciana	C. Valenciana	C. Valenciana	C. Valenciana	C. Valenciana
12	Baleares	Canarias	Murcia	Murcia	Baleares	Murcia	Murcia	Baleares	Murcia
13	Canarias	Murcia	Baleares	C. Valenciana	Murcia	Baleares	Baleares	Murcia	Baleares
14	Murcia	Baleares	Canarias	Canarias	Canarias	Canarias	Castela-A Mancha	Canarias	Castela-A Mancha
15	Castela-A Mancha	Extremadura	Andalucía	Castela-A Mancha	Castela-A Mancha	Castela-A Mancha	Canarias	Castela-A Mancha	Canarias
16	Andalucía	Castela-A Mancha	Castela-A Mancha	Andalucía	Andalucía	Andalucía	Andalucía	Andalucía	Andalucía
17	Extremadura	Andalucía	Extremadura	Extremadura	Extremadura	Extremadura	Extremadura	Extremadura	Extremadura

Fonte: Consejo General de Economistas, "Informe de la Competitividad Regional en España 2018"

1.1.13.

Perfil do Índice de Competitividade Rexional (ICREG) en Galicia 2017

	2017		2017/2016
	Ranking	Nivel competitivo	Dinamismo relativo
Eixo 1.- Entorno económico	7	MEDIO BAIXO	FORTE
Eixo 2.- Mercado de traballo	11	MEDIO ALTO	DÉBIL
Eixo 3.- Capital humano	11	MEDIO BAIXO	MODERADO
Eixo 4.- Entorno institucional	7	ALTO	NEGATIVO
Eixo 5.- Infraestruturas básicas	14	BAIXO	MOI NEGATIVO
Eixo 6.- Eficiencia empresarial	15	BAIXO	DÉBIL
Eixo 7.- Innovación	9	BAIXO	MOI NEGATIVO
Galicia	10	MEDIO BAIXO	MODERADO

Fonte: Consejo General de Economistas, "Informe de la Competitividad Regional en España 2018"

1.1.14.

No que atinxe ao emprego, os datos recollidos no **cadro 1.1.12.** reflicten que a taxa de actividade sitúase en España no 58,7% fronte ao 53,3% de Galicia, en tanto que as taxas de ocupación e paro sitúanse no 49,7% e 15,3%, respectivamente (46,2% e 13,3% en Galicia). Atendendo á situación nas distintas CC.AA., cómpre mencionar que Galicia atópase entre as CC.AA. coas taxas de actividade e ocupación máis reducidas de España. En concreto, sitúase como a segunda Comunidade Autónoma coa taxa de actividade máis reducida, tan só por diante de Asturias (50,8%), e a cuarta con menor taxa de ocupación tras Estremadura (42,2%), Andalucía (43,8%) e Asturias (43,9%), ademais de Ceuta (41,7%).

Finalmente, cómpre facer referencia á evolución da competitividade rexional de Galicia en relación ao resto das CC.AA. Atendendo á evolución do Índice de Competitividade Rexional (ICREG) elaborado polo Consejo General de Economistas na súa publicación “Informe de la Competitividad Regional en España 2018”, Madrid lidera o ranking das CC.AA. con maiores ICREG, seguida por País Vasco e Navarra. No extremo oposto sitúanse Estremadura, Andalucía e Canarias. Galicia permanece dentro do grupo de CC.AA. cun nivel competitivo medio-baixo, ao igual que Castela León, Asturias, Cantabria, C. Valenciana e Murcia. Como se amosa no **cadro 1.1.13.**, atendendo ao valor do ICREG Galicia sitúase no noveno posto entre 2008 e 2011, e no décimo dende 2012 ata 2017.

Dende un punto de vista dinámico, todas as Comunidades Autónomas, agás Baleares, amosan un crecemento do seu nivel competitivo relativo, correspondendo a Galicia un dinamismo moderado. No que se refire á análise da competitividade da economía galega segundo eixos, o **cadro 1.1.14.** amosa un comportamento moi desigual. Mentres que o entorno económico presenta un forte dinamismo, e o capital humano un crecemento moderado, o entorno institucional presenta unha evolución negativa sendo moi negativa no caso das infraestruturas básicas e a innovación.

O devandito informe sinala que os indicadores coas achegas máis positivas corresponden á taxa de paro

(Eixo 2), esperanza de vida (E3), déficit público e esforzo fiscal (E4), stock de capital (E5) e tamaño de empresas e peso da industria manufacturera (E6). Pola contra, as contribucións máis negativas corresponden aos delitos e desigualdade (E4), tráfico de mercadorías e investimento en protección medioambiental (E5), dinamismo emprendedor e variación da produtividade (E6) e empresas con sitio web (E7).

Tras esta evolución, a foto fixa do ano 2017 reflicte que o nivel competitivo é medio alto e alto nos casos dos eixos do mercado de traballo e o entorno institucional, respectivamente, cualificándose como baixo no caso das infraestruturas básicas, a eficiencia institucional e a innovación. En comparación co resto das CC.AA., cómpre resaltar que os eixos que presentan unha mellor posición relativa corresponden aos entornos económico e institucional, que ocupan o sétimo posto, mentres que a eficiencia empresarial e as infraestruturas básicas ocupan os postos 15 e 14, respectivamente.

Panorama económico da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal ocupa unha superficie de 50.861 quilómetros cadrados e conta cunha poboación de 6.279.354 habitantes a 1 de xaneiro de 2018, case 15.500 menos que no ano anterior, o que implica unha densidade media de 123,5 habitantes por quilómetro cadrado. En relación á UE-28, a Eurorrexión representa o 1,1% da súa superficie, situándose o peso relativo da súa poboación no 1,2%.

En termos de PIB per cápita, a Eurorrexión continúa co se proceso de converxencia coa media comunitaria. O PIB por habitante da Eurorrexión representa o 72% dos 28 países da UE, dúas décimas máis que no ano anterior. Como se aprecia no **cadro 1.1.15.**, existe unha importante diferenza entre Galicia e o Norte de Portugal, acadando este indicador os 81,8 puntos en Galicia (UE-28 = 100) fronte aos 64,6 puntos na rexión portuguesa. Nos últimos tres anos mentres este indicador mellora en maior medida en Galicia que na rexión Norte de Portugal, sendo os incrementos en ambas rexións de 2 e 0,4 puntos, respectivamente.

Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal: principais indicadores

			Eurorrexión	Galicia	Rexión Norte	UE-28
Superficie	(en Km ²)		50.860,7	29.574,8	21.285,9	4.439.549,0
Poboación						
Poboación de dereito		1/1/18	6.279,4	2.703,1	3.576,2	512.379,2
	(miles de persoas)	1/1/17	6.294,8	2.710,2	3.584,6	511.373,3
		1/1/16	6.323,9	2.720,1	3.603,8	510.181,9
		1/1/15	6.356,4	2.734,7	3.621,8	508.540,1
		1/1/14	6.391,4	2.747,2	3.644,2	507.011,3
Densidade de poboación	(habs. / km ²)	1/1/18	123,5	91,4	168,0	115,4
Mercado de traballo						
Poboación ocupada						
Sector primario			4,6	6,2	3,5	3,7
Industria	(%)	2018	23,3	15,8	28,2	17,4
Construción			6,7	6,3	6,9	6,8
Servizos			65,5	71,7	61,4	71,4
Desemprego (taxas paro)						
Total			9,7	13,3	7,3	6,8
Longo prazo (1)	(%)	2018	4,4	5,8	3,3	3,0
Feminino			10,4	14,4	7,8	7,1
Mozos (menores de 25 anos)			23,0	32,5	19,0	15,2
Produto interior bruto						
PIBpm	(millóns de €)	2015	131.418	63.655	67.764	14.828.288
		2016	133.163	64.326	68.837	14.958.253
		2017	136.338	66.697	69.641	15.383.066
PIB per cápita	(%, UE-28=100)	2015	70,9	79,8	64,2	100
		2016	71,8	80,7	65,1	100
		2017	72,0	81,8	64,6	100

(1) porcentaxe de desempregados de longa duración (12 meses ou máis) entre a poboación activa

Consulta a 29/05/2019

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de EUROSTAT

1.1.15.

No concernente ao emprego, os datos publicados en Eurostat amosan que a poboación activa en Galicia descende en 2018 ata as 1.243.500 persoas, situándose na rexión norte de Portugal en torno ás 1.833.700 persoas. A taxa de actividade das dúas rexións europeas é do 52,7% e do 59,1%, respectivamente, porcentaxe que ascende a 56,3% no conxunto da Eurorrexión, 1,7 puntos inferior á media comunitaria (58,0%).

A ocupación na Eurorrexión ascendeu no ano 2018 a 2.688.900 de persoas (o 49,2% da poboación de 15 ou máis anos), dos que o 65,5% dos traballadores estaban ocupados nas ramas de actividade do sector servizos. O conxunto das ramas industriais abrangue o 23,3% das persoas traballadoras, mentres que o sector primario e a construción acollen o 4,6% e o 6,7%, respectivamente.

Con todo, cómpre salientar a distinta importancia relativa dos sectores económicos en Galicia e o Norte de Portugal en termos de poboación ocupada. Segundo os datos de Eurostat, mentres que Galicia rexistra unha

maior importancia relativa da ocupación no sector servizos, acollendo o 71,7% das persoas ocupadas fronte ao 61,4% no norte de Portugal, nesta última rexión o peso relativo da poboación ocupada no sector industrial é case once puntos superior ao rexistrado en Galicia: o 28,2% e o 17,4%, respectivamente. No caso do sector primario, a ocupación nestas actividades representa o 6,2% da ocupación total en Galicia fronte ao 3,5% no norte de Portugal.

Galicia reduce a súa taxa de paro ata o 13,3%, situándose esta rateo por riba tanto á media europea como á rexistrada no Norte de Portugal. No último ano a taxa de paro acadada no norte de Portugal o 7,3% e na Eurorrexión o 9,7%, porcentaxe superior á media europea, que no último ano descendeu ata o 6,8%. O desemprego dos menores de 25 anos resulta especialmente preocupante en Galicia, onde a taxa de paro rexistra o 32,5%, fronte ao 19% no norte de Portugal e o 23% na Eurorrexión (15,2% na UE-28). □

1.2.

Indicadores macroeconómicos de Galicia

O cadro macroeconómico de Galicia amosa que o Produto Interior Bruto (PIB) en termos reais presenta en 2018 unha moderación no seu ritmo de crecemento, rexistrando no conxunto do ano unha medra do 2,8%, catro décimas menos que no ano anterior. Con todo, por terceiro ano consecutivo Galicia presenta un maior dinamismo que a economía española, que no último ano medra un 2,6%, sendo este diferencial moito máis acusado en relación á economía comunitaria e á zona euro, que experimentan unha medra do 1,9% e 1,8%, respectivamente.


A demanda interna explica o crecemento da economía galega, xa que a demanda externa detrae décimas ao crecemento agregado do PIB, feito que non acontecía dende 2006 (unha décima). A demanda interna é o motor do crecemento do PIB cunha achega de 2,9 puntos, a taxa máis elevada dende 2007. O aspecto máis positivo segue a ser o forte impulso do investimento, que experimenta un incremento de 7%, así como a aceleración do consumo final dos fogares (2,3%). O cadro macroeconómico amosa tamén unha ralentización da taxa de crecemento das exportacións, se ben no cuarto trimestre do ano contráese o crecemento in-

teranual tanto as exportacións como das importacións.

Dende o punto de vista da oferta, a evolución sectorial mostra un crecemento positivo do VEB aportado por todos os sectores económicos. Destaca o impulso da construción que presenta unha medra do 6,1% no conxunto do ano, e da industria cun 3,8% máis de VEB no último ano en relación ao ano anterior.

No concernente á distribución das rendas, a remuneración de asalariados mantén o incremento iniciado en 2015 tras cinco anos de descensos. No conxunto do ano 2018, a remuneración dos asalariados medrou en Galicia un 4,1% respecto ao ano anterior, sendo este incremento do 3,3% no caso do excedente bruto de explotación/renda mixta (EBE) e dun 4,4% nos impostos netos sobre produción e importacións. Tras esta evolución, a participación dos asalariados na renda sitúase no 42,4%, unha décima máis que no mesmo período do ano anterior, en tanto que o peso relativo do EBE sitúase no 47,9%, o máis elevado da serie estatística despois da rexistrada no ano anterior. O restante 9,7% corresponde aos impostos netos sobre produción e importacións.

PIB, achega da demanda interna e sector exterior 2008-18



(1) PIBpm; datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 06-03-2019)
 Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia. Base 2010*

1.2.1.

A devandita evolución da actividade económica reflíctese no mercado de traballo que presenta tanto un incremento do volume total da ocupación, xa se mida en termos de poboación ocupada, afiliacións ou postos de traballo equivalentes a tempo completo, como un descenso do desemprego estimado pola EPA e o rexistrado no Servizo público de emprego. Con todo, este dinamismo continúa sen frear a caída poboacional e nomeadamente, a redución da poboación potencialmente activa (16-64 anos), especialmente significativa no caso dos activos con idades comprendidas entre 25 e 34 anos.

As contas económicas reflicten que o número de postos de traballo equivalente a tempo completo incrementábase un 1,9% en relación ao ano anterior. A pesar desta evolución positiva, os postos de traballo equivalentes a tempo completo rexistrados no ano 2018 son un 14,4% inferiores aos rexistrados dez anos antes.

A produtividade aparente do factor traballo en Galicia, tanto se se mide en relación ao número de postos de traballo a tempo completo como ao número de horas traballadas, presenta unha evolución positiva, se ben está por debaixo das medias españolas (96,3% e 91,9%

da produtividade española, respectivamente). Non obstante, prodúcese unha converxencia coa produtividade media no conxunto do Estado favorecido tanto polo maior crecemento do PIB nominal como pola debilidade da creación de emprego en Galicia en comparación co mercado de traballo en España.

Asemade, cómpre mencionar que a industria manufactureira non só presenta unha produtividade moi inferior á media española, manténdose no último ano por baixo do 80% da produtividade española en termos de PIB por posto de traballo equivalente a tempo completo (79,9%), senón tamén por baixo do estimado ao comezo da crise económica en 2008 (84,1%).

Análise do PIB

As Contas económicas trimestrais de Galicia mostran como, despois de dez meses consecutivos nos que a economía galega rexistrou taxas de crecemento interanual iguais ou superiores ao 3%, nos tres últimos trimestres do ano 2018 comeza a notarse unha ralentización no crecemento do PIB cunha taxa interanual positiva, no último trimestre, do 2,6%. Como se reflicte no **cadro 1.1.7.**, *[PIB en Galicia e España 2008-*

PIB 2017-18: distribución segundo as súas compoñentes ⁽¹⁾

	2017	2018	2017				2018			
			trimestres							
			I	II	III	IV	I	II	III	IV
			(taxas de variación interanual)							
Gasto en consumo final	1,6	2,2	1,6	0,9	1,9	2,0	2,5	2,2	1,9	2,2
Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	1,3	2,3	0,6	1,3	1,5	1,7	2,6	2,2	2,1	2,4
Gasto en consumo final das AA.PP.	2,4	1,8	4,3	-0,3	3,1	2,7	2,0	2,3	1,2	1,8
Formación bruta de capital fixo	5,5	7,0	4,5	4,5	6,7	6,2	6,3	8,2	6,7	6,8
Exportacións de bens e servizos	5,0	3,4	7,3	6,4	0,5	6,0	6,8	4,2	4,6	-1,8
Importacións de bens e servizos	3,2	3,9	5,2	3,1	-0,7	5,2	7,1	5,0	5,1	-1,4
PIB a prezos de mercado	3,2	2,8	3,2	3,2	3,2	3,1	3,1	2,9	2,5	2,6
VEB. Ramas agraria e pesqueira	1,9	0,9	1,6	1,4	1,9	2,6	0,8	1,5	0,7	0,8
VEB. Ramas industriais	3,2	3,8	0,4	4,6	3,7	3,9	7,0	3,7	2,2	2,4
VEB. Industria manufactureira	4,9	2,8	3,3	6,2	5,1	4,9	5,1	3,6	1,6	1,1
VEB. Construción	6,7	6,1	7,4	6,5	6,2	6,7	5,6	6,3	6,6	5,8
VEB. Ramas dos servizos	3,1	2,5	3,7	2,9	3,1	2,7	2,2	2,7	2,5	2,6
Impostos netos sobre os produtos	2,1	1,5	2,0	2,3	2,1	1,9	2,1	0,8	1,1	2,0

(1) PIBpm (índices de volume encadenados); datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 06-03-2019)
 Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia. Base 2010*

1.2.2.

2018: *evolución*], a economía da Comunidade Autónoma de Galicia presenta un comportamento lixeiramente superior ao do conxunto do Estado a partir do terceiro trimestre de 2016. Para o conxunto do ano 2018 o PIB de Galicia medrou un 2,8% en termos reais, catro décimas menos que no ano anterior.

Por primeira vez dende 2006, en 2018 a achega da demanda externa ao crecemento do PIB é negativa nunha décima de punto, o que supón un notable descenso dende a achega positiva da demanda externa dun punto do ano anterior; polo tanto a demanda interna é o motor do crecemento do PIB con 2,9 puntos, a taxa máis elevada dende 2007.

Ao igual que en Galicia, no conxunto do Estado a demanda externa presenta un aporte de -0,4 puntos ao crecemento interanual do PIB. A demanda interna aporta 2,9 puntos ao crecemento do PIB.

No que respecta á evolución dos compoñentes da demanda interna, **cadro 1.2.2.**, o investimento, medido pola formación bruta de capital, segue sendo en 2018 a variable máis dinámica rexistrando unha taxa de variación interanual de 7% fronte ao 5,5% do ano ante-


rior. Comparado co acontecido no conxunto do Estado, o crecemento da FBC en España presenta unha menor intensidade, acadando unha taxa interanual do 5,6%.

En relación ao investimento en bens de equipo, é dicir, os utilizados como medios de produción no proceso produtivo de bens e servizos, os datos de variación media anual do índice de produción industrial reflicten unha medra do 1,9% no ano 2018 (2,7% en España) cando no ano anterior Galicia presentaba unha taxa media do 7,1% (3,7% en España).

Ao longo do ano 2018 o gasto en consumo final en Galicia aumenta un 2,2%, seis décimas máis que no ano anterior, salientando entre as súas compoñentes o maior dinamismo do consumo final dos fogares fronte á ralentización no gasto final das Administracións públicas. Na economía española, o consumo final incrementábase na mesma contía (2,2%) aínda que cun aumento homoxéneo do consumo dos fogares e das Administracións públicas.

O consumo das Administracións públicas en Galicia medra un 1,8%, fronte ao 2,4% do ano anterior, sendo esta medra inferior á rexistrada no conxunto do Estado

PIB en Galicia 2008-18: distribución segundo as súas compoñentes



Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia. Base 2010*

1.2.3.

(2,1%). O consumo privado presenta en Galicia unha taxa de variación interanual do 2,3%, un punto porcentual máis que no ano anterior. A pesar do incremento no consumo final dos fogares, os principais indicadores de consumo mostran un menor dinamismo que no exercicio anterior, neste senso, o índice de vendas do comercio polo miúdo, descende un 1,9% respecto ao ano anterior (prezos constantes), 2,6 puntos porcentuais menos que en 2017, as importacións de bens de consumo, que se reducen un 2%, ou, entre outros, a produción de bens de consumo duradeiro que cae un 17,6%.

Por outra banda, o consumidor galego ten unha per-

cepción máis pesimista atendendo á evolución do indicador de confianza. Este indicador toma valores entre -100 e 100, correspondendo os valores entre 0 e 100 con percepcións favorables e entre 0 e -100 con percepcións desfavorables, tanto máis pesimistas ou optimistas canto máis se aproximen aos valores extremos. O **cadro 1.2.4.** amosa que no ano 2018 este indicador acadou un valor negativo de -10 puntos, cando no ano precedente era de -8,6 puntos. Asemade, empeora significativamente a percepción da situación da economía galega que se sitúan en -26,2 puntos.

No que respecta á demanda externa, e tal como se sinalou anteriormente, o cadro macroeconómico de Ga-

Consumo e investimento en Galicia e España 2017-18: principais indicadores

		Galicia		España	
		2017	2018	2017	2018
		(taxas de variación interanual)			
Consumo					
Índice de vendas do comercio polo miúdo	(prezos correntes)	3,7	2,4	3,0	2,7
Índice de vendas do comercio polo miúdo	(prezos constantes)	0,7	-1,9	1,1	0,0
Producción de bens de consumo		3,0	0,8	0,7	-0,1
Producción de bens de consumo duradeiro		3,4	-17,6	5,1	-1,9
Producción de bens de consumo non duradeiro		3,0	2,3	0,4	0,0
Importación de bens de consumo		-13,0	-2,0	5,2	1,4
Ocupación hoteleira		7,3	0,1	2,0	-1,0
Gasto de Administracións Públicas		2,4	1,8	1,9	2,3
Investimento					
Producción de bens de equipo	(índice de produción industrial)	7,1	1,9	3,7	2,7
Importacións de bens de equipo		2,2	19,5	8,2	1,7
Licitación pública					
Total		-31,4	77,4	38,2	32,2
Administración Xeral do Estado		-64,2	79,4	21,7	41,6
Administración autonómica		17,7	58,6	37,0	9,0
Administracións local		11,8	94,7	55,2	43,0

(1) presentan valores que oscilan entre -100 e +100, sendo os resultados máis optimistas tanto para o momento actual como para o futuro os que máis se acerquen ao punto máximo

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, INE, ICES e Seopan

1.2.4.

Galicia, que ten en conta tanto as relacións comerciais con terceiros países como co resto das CC.AA. españolas, reflicte a achega negativa da demanda externa ao crecemento do PIB, consecuencia dun maior aumento das importacións que das exportacións. Dunha banda, ralentízase o ritmo de crecemento das exportacións galegas de bens e servizos, que medran a unha taxa interanual do 3,4% en relación ao ano anterior, e aumenta o ritmo nas importacións que presentan un incremento de 3,9%. Doutra banda, no conxunto do Estado mellora o crecemento tanto das exportacións como das importacións, situándose as taxas de variación interanuais no 2,1% e 3,1%, respectivamente.

En termos monetarios, e segundo os datos a prezos correntes das Contas económicas trimestrais, as vendas fóra de Galicia ascenden a 33.879,4 millóns de euros no último ano, en tanto que as importacións acadan un valor de 31.613 millóns de euros. Deste xeito, a balanza comercial galega mantén un saldo positivo, acadando os 2.266 millóns de euros.


A información proporcionada pola Axencia Estatal da Administración Tributaria indica que o valor total das

exportacións declaradas, excluído o resto do territorio español, ascendeu no ano 2018 ata os 22.857,5 millóns de euros (5,4% máis que no ano anterior), consecuencia do aumento das expedicións galegas a países comunitarios (9,7%) que compensa o descenso nas vendas ao resto dos países (-7,4%). O valor total das importacións/introducións acadou os 19.022 millóns de euros, un 11% máis que no ano anterior, estando este incremento influenciado tanto pola evolución das compras a países da UE (5,8% máis que no ano anterior) como polas procedentes de terceiros países (17,7%).

Atendendo á natureza dos bens, o 56% do valor total das exportacións corresponden a bens de consumo fronte ao 35% dos bens intermedios e un 8,5% aos bens de capital. No conxunto do Estado predomina o comercio de bens intermedios, ao representar máis da metade do valor das exportacións (54,2%) fronte ao 37,3% no caso dos bens de consumo. No que respecta ás importacións, tanto en Galicia como en España son fundamentalmente de bens intermedios, que representan o 62,8% e 63,8% do valor total das compras exteriores, fronte aos 33,2% das importacións de bens de consumo en Galicia e o 27,6% en España.

Estrutura produtiva de Galicia 2008, 2014 e 2018

(% do PIB)

Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia. Base 2010***1.2.5.****• Agregados da oferta**

As distintas ramas de actividade analizadas polas Contas económicas trimestrais de Galicia presentan en 2018 taxas de crecemento interanuais positivas. A nivel agregado, cómpre resaltar en primeiro lugar o comportamento da construción e das ramas industriais, que se sitúa como os sectores de maior crecemento cunha taxa de variación interanual do 6,1% e do 3,8% respectivamente. Sen embargo compre resaltar que o crecemento do VEB perde forza, e as taxas de variación son inferiores ás do ano anterior en todas as ramas de actividades, agás nas ramas industriais de xeito agregado.

O sector da construción presenta novamente unha estimable aceleración no seu crecemento cunha taxa de variación do 6,1% fronte ao 6,7% do ano anterior. No conxunto do Estado o VEB xerado polo sector da construción no ano 2018 aumenta nun 7,6% en relación ao ano anterior.

As ramas industriais son ás únicas que aceleran o seu


crecemento no ano 2018, cunha taxa do 3,8%, seis décimas máis que no ano anterior. Dentro das ramas industriais salienta o comportamento da industria manufacturera que ralentiza notablemente o seu ritmo de crecemento cunha taxa de aumento do VEB do 2,8% fronte ao 4,9% do ano anterior; esta ralentización é preocupante tendo en conta que o 75% do VEB das ramas industriais en Galicia provén da industria manufacturera.

O sector servizos, influenciado fundamentalmente pola actividade de comercio, transporte e hostalería, que aporta o 37% do VEB xerado polo sector, presenta unha desaceleración no seu ritmo de crecemento ao medrar un 2,5% no último ano fronte ao 3,1% de 2017.

En comparación co que acontece no conxunto do Estado, o subsector da industria manufacturera presenta en Galicia un mellor comportamento que a media estatal (2,8% e 1,4% en España). O sector servizos, primario e construción presenta un mellor comportamento a nivel estatal.

Asignación funcional da renda 2008-18⁽¹⁾

	Remuneración dos asalariados (2)	Excedente de explotación bruto /Renda mixta bruta (3)	Impostos netos sobre produción e importacións	PIB a prezos de mercado
	(en millóns de euros)			
2008	27.388,4	26.263,4	4.727,5	58.379,3
2009	27.291,2	24.912,9	4.630,9	56.835,0
2010	26.746,8	25.142,9	5.162,8	57.052,5
2011	26.284,4	24.945,9	5.070,8	56.301,1
2012	24.711,3	24.491,1	5.198,9	54.401,3
2013	24.425,4	24.901,3	5.340,4	54.667,1
2014	24.271,1	25.411,4	5.459,6	55.142,1
2015	24.811,5	26.343,8	5.736,8	56.892,1
2016	25.282,3	27.924,3	5.787,8	58.994,4
2017	26.057,8	29.636,2	5.933,0	61.627,0
2018	27.132,2	30.611,4	6.192,1	63.935,7



(1) PIBpm (prezos correntes); datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 29-05-2019)

(2) Remuneración de asalariados: remuneración en efectivo e en especie a pagar polos empregadores aos seus asalariados como contrapartida do traballo realizado por estes durante o período contable. A remuneración de asalariados desagregase en: soldos e salarios e cotizacións sociais a cargo dos empregadores.

(3) Excedente de explotación bruto/Renda mixta bruta: corresponde á renda que obteñen as unidades da utilización dos seus propios activos de produción. No caso das empresas non constituídas en sociedades correspondentes ao sector fogares fálese de renda mixta. Este agregado contén un elemento que corresponde á remuneración do traballo realizado polo propietario ou por membros da súa familia e que non pode distinguirse dos seus beneficios como empresario.

Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia. Base 2010*

1.2.6.


No concernente á estrutura produtiva da economía galega, no ano 2018 o 23% do PIB xerado en Galicia corresponden ás actividades de comercio, transporte e hostalería, situándose a continuación a industria cun 17,2%. A industria manufactureira achega o 12,8%, o sector da construción achega o 6,6% do PIB galego e as actividades do sector primario, un 4,8% do total.

Do **cadro 1.2.5.** despréndese que dende o comezo da recuperación económica en 2014 mantense o peso relativo do sector servizos, consecuencia do aumento de peso das actividades de comercio, transporte e hosta-

lería (1,6 puntos porcentuais máis que en 2014) que compensa a perda de peso das actividades de administración pública, sanidade e educación (sete décimas menos que en 2014). O conxunto do sector industrial reduce o seu peso en 0,9 puntos, a diferenza do que acontece coa industria manufactureira, que presenta unha importancia relativa lixeiramente superior (cinco décimas).

Se a comparación se fai coa estrutura produtiva existente antes da crise económica, cómpre destacar unha medra importante do peso relativo das actividades do

Produtividade aparente do traballo, remuneración por asalariado e custo laboral unitario en Galicia e España
(2008 = 100)



Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE e INE

1.2.7.

sector servizos en xeral e do comercio, transporte e hostalería en particular (20,7% en 2008), a diferenza do que acontece en sectores como a construción, que presenta unha forte caída (11,1% en 2008), ou a industria manufactureira, que supuña o 14,4% do PIB galego en 2008.

• Distribución da renda

Os datos da remuneración de asalariados recollidos no cadro macroeconómico reflicten que se mantén a tendencia positiva do incremento iniciado no ano 2015 tras 5 anos consecutivos de caídas (dende 2009 a 2014). Ao longo de 2018 a remuneración salarial experimenta unha medra do 4,1%, un punto por riba do estimado para o ano anterior, sendo a taxa de variación interanual da actividade produtiva, medida en termos

de PIB nominal prezos correntes, do 3,7%. Por contra, o excedente de explotación bruto/renda mixta bruta (EBE) aumenta un 3,3% en relación ao ano anterior (6,1% en 2017). Tras esta evolución, a participación dos asalariados na renda racha a súa tendencia descendente, situándose no 42,4%, unha décima máis que no mesmo período do ano precedente, en tanto que o peso relativo do EBE descende ata o 47,9%, dúas décimas menos.

No que respecta á evolución da distribución da renda no período 2008-2018, a participación dos asalariados na renda diminúe en 4,5 puntos porcentuais, pasando do 46,9% no ano 2008 ata o devandito 42,4% do último ano. Pola contra, o peso dos impostos netos sobre a produción e as importacións aumenta en 1,6 puntos

(9,7 % do PIB en 2018) e en 2,9 puntos no caso do EBE, pasando do 45% ao 47,9% en 2018. Cómpre resaltar que por sexto ano consecutivo o peso relativo das remuneracións salariais sobre o PIB é inferior ao dos excedentes de explotación (**cadro 1.2.6.**).

A evolución da importancia relativa da poboación asalariada no conxunto do emprego, medida en termos do número de postos de traballo, mostra que no devandito período de 2018 os 980.439 asalariados existentes en Galicia segundo os datos das Contas económicas trimestrais (858.100 asalariados equivalentes a tempo completo) representaban o 84,8% do total, distribúense o 42,4% da renda.

A análise da distribución da renda pode facerse tamén a través da evolución do custo laboral unitario real (CLUR), expresado pola porcentaxe do produto por asalariado (produtividade aparente) que se dedica a retribuír o traballo (remuneración media por asalariado). Contablemente, o peso da remuneración de asalariados no PIB é igual ao CLUR multiplicado pola taxa de asalarización. Como se observa no **cadro 1.2.7.**, o CLUR aumenta no último ano en Galicia, acadando un nivel superior ao existente no comezo da recuperación económica.

Á hora de estudar a evolución do CLUR débese ter en conta que o incremento da remuneración de asalariados no último ano é similar no conxunto do Estado e en Galicia (4,1%) e, por outra banda, o crecemento da produtividade aparente prodúcese en Galicia por un incremento do PIB superior ao experimentado polo emprego asalariado (3,7% e 2,8%, respectivamente).

Mercado de traballo

O crecemento do PIB galego a taxas do 2,8% no último ano reflíctese nun aumento da poboación ocupada estimada pola EPA en 24.900 persoas e nun descenso da poboación parada en 29.700 persoas. Neste senso, as contas económicas tamén indican que o emprego, medido no número de postos de traballo equivalentes a xornada completa, medra en 2018 un 1,9% respecto ao ano anterior, sendo esta porcentaxe do 2,4% no caso das afiliacións.

A poboación parada estimada pola EPA descende en 2018 un 15,2% e o desemprego rexistrado no Servizo Público de Emprego un 10,1%, as porcentaxes máis acusadas dende a recuperación económica.

Esta mellora no mercado de traballo non afecta á poboación activa que, un ano máis, redúcese nun 0,4% respecto ao ano anterior, o que supón unha caída de 4.800 persoas activas. A redución de poboación activa, a diferenza do acontecido no ano anterior, é especialmente significativa no caso da poboación de 35 a 39 anos, con 8.500 persoas menos (-4,7%). A taxa de actividade, que mide a relación entre a poboación activa e a poboación maior de 16 anos, mantense practicamente constante no ano 2018, situándose no 53,3%. Esta taxa acada o seu valor máis reducido dende o ano 2008, situándose 5,4 puntos inferior á media estatal (58,7%).

A caída do desemprego e da poboación activa favorecen o descenso da taxa de paro que se sitúa no 13,3%, dous puntos por baixo da media estatal (15,3%). Esta taxa de paro é a máis reducida dende o ano 2010, cando se acadara o 15,3%.


Finalmente, faremos referencia á produtividade aparente do traballo, medida ben como o cociente entre o PIB (prezos correntes) e o emprego equivalente a tempo completo, ou ben como a relación entre o PIB e o número de horas traballadas. Segundo os datos recollidos nas contas trimestrais, ambos os dous indicadores presentan unha evolución positiva, se ben están por baixo da media española (96,3% da produtividade española se se mide en función do emprego equivalente a tempo completo e 91,9% en termos de horas traballadas).

Atendendo á distribución sectorial, todos os sectores presentan en Galicia un incremento da produtividade aparente do factor traballo, máis só o sector primario presenta unha produtividade aparente superior á española en termos da postos de traballo equivalente, en tanto que esta situación rexístrase no caso da construción se a PFT se mide en termos do número de horas traballadas. Pola contra cómpre resaltar que a produtividade aparente da industria manufactu-


IPC en Galicia e España 2017-18

(taxas de variación interanual)

IPC xeral



IPC subxacente



Fonte: INE, Índice de precios de consumo

1.2.8.

reira, medida en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, mantense no último ano en torno ao 80% da media española, porcentaxe inferior á rexistrada antes da crise económica (84,1% en 2008).

Inflación

O índice xeral de prezos ao consumo (IPC) mantén ao

longo de todo o ano 2018 taxas de variación interanuais positivas, rexistrando en decembro un incremento dos prezos do 1% en relación ao mesmo mes do ano anterior, dúas décimas menos que no conxunto do Estado. Se se considera o IPC harmonizado (IPCH), que permite realizar comparacións internacionais, seguindo datos de Eurostat, a decembro de 2018, os prezos aumentaron en España un 1,2% en tanto que nos países da UE-28 a taxa interanual a decembro foi do 1,6%.

IPC en Galicia e España 2017-18: distribución segundo grupos ⁽¹⁾

	2017		2018	
	Galicia	España	Galicia	España
	(taxas de variación interanual)			
Xeral	1,2	1,1	1,0	1,2
Alimentos e bebidas non alcohólicas	1,4	1,7	1,4	1,3
Bebidas alcohólicas e tabaco	1,8	1,7	1,6	1,4
Vestido e calzado	0,4	0,5	0,9	0,9
Vivenda	1,7	1,3	2,4	2,5
Enxoval	-0,1	-0,5	0,3	0,3
Medicina	0,3	0,4	1,1	0,9
Transporte	2,4	1,9	-0,4	0,2
Comunicacións	0,2	0,2	2,2	2,3
Ocio e cultura	-0,6	-0,6	-0,6	-0,1
Ensino	1,0	0,7	1,3	1,0
Hoteis, cafés e restaurantes	2,1	1,9	2,0	1,8
Outros bens e servizos	0,0	0,7	0,8	1,1

(1) datos no mes de decembro de cada ano

Fonte: INE, *Índice de precios de consumo*

1.2.9.



Índice de prezos industriais nas CC.AA. 2018 ⁽¹⁾: distribución segundo destino económico dos bens

	Índice xeral	Bens de consumo	Bens de consumo duradeiro	Bens de consumo non duradeiro	Bens de equipo	Bens intermedios	Energía
	(taxas de variación interanual)						
Andalucía	-1,5	-7,7	1,7	-8,2	0,6	-1,9	2,3
Aragón	2,1	-0,3	2,0	-1,1	0,7	2,5	5,5
Asturias	0,3	0,8	1,7	0,8	0,0	-2,3	2,6
Baleares	2,1	-0,3	1,5	-0,6	0,6	3,2	2,9
Canarias	2,3	2,3	9,3	2,2	0,9	4,6	2,2
Cantabria	3,3	-1,5	-1,7	-1,5	0,9	6,1	5,3
Castela e León	1,9	-0,6	1,7	-0,6	2,9	1,7	5,2
Castela-A Mancha	1,9	0,2	0,8	0,2	1,1	1,9	4,3
Cataluña	1,8	0,6	1,1	0,6	1,4	1,0	5,4
C. Valenciana	1,4	0,1	0,8	0,0	-0,5	1,4	4,1
Extremadura	1,4	-0,9	-2,4	-0,9	3,3	2,8	4,1
Galicia	2,1	0,0	0,0	0,0	0,5	3,4	3,7
Madrid	2,8	1,1	2,3	1,1	-0,6	1,4	5,1
Murcia	2,1	-1,0	0,2	-1,1	3,0	2,9	3,8
Navarra	2,2	1,6	0,2	1,8	1,0	2,3	5,6
País Vasco	2,7	1,2	0,6	1,3	1,7	2,8	3,3
A Rioxa	2,5	2,0	0,6	2,1	-0,4	1,6	7,6
Total	1,6	-0,6	1,0	-0,7	0,9	1,5	4,0

(1) datos no mes de decembro. Base 2015.

Fonte: INE, *Índice de precios industriales*

1.2.10.

Gasto público non financeiro (%PIB) 2017**Gasto público non financeiro per cápita 2017**

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partires de datos do INE e Ministerio de Hacienda

1.2.11.

As catro provincias galegas rexistran variacións interanuais positivas do IPC no mes de decembro. Pontevedra cun aumento do 1,2% é a que presenta unha variación maior, igualando a media nacional, seguida de A Coruña co 1%, Lugo co 0,9% e Ourense co 0,8%.

Os incrementos de prezos máis acusados rexístranse, tanto en Galicia como en España, na vivenda, nas comunicacións e nos hoteis, cafés e restaurantes, con incrementos do 2% ou máis nos tres casos en Galicia. Dada a condición de ben esencial que ten a vivenda, é especialmente significativo o incremento de prezos do 2,4% e do 2,5% en Galicia e España respectivamente, en relación ao prezos de decembro do ano anterior.

Atendendo á súa distribución segundo produtos, os que presentan o maior incremento interanual no mes de decembro son os prezos dos servizos postais (12,2%), da electricidade, gas e outros combustibles (4,2%) ou das bebidas alcohólicas e dos servizos de telefonía (3,9% en ámbolos dous casos). Por outra banda, os descensos máis acusados rexístranse no caso dos equipos de telefonía (-16,5%), nos artigos téxtiles para o fogar (-3,6%) e nos equipos audiovisuais, fotográficos e de procesamento de información (-3,5%).

A inflación subxacente (non considera os alimentos non elaborados nin os produtos enerxéticos) aumentou ao longo de todo o ano 2018 tanto en Galicia como no

conxunto do Estado, rematando o ano cunha medra interanual do 0,8% e do 0,9% respectivamente.

Finalmente, en relación á evolución dos prezos industriais, o **cadro 1.2.10.** amosa que en Galicia a taxa de variación interanual do índice xeral de prezos industriais (IPRI) no mes de decembro rexistrou unha medra do 2,1%, fronte ao 1,6% no conxunto do Estado. En Galicia este incremento ven influenciado, fundamentalmente, polo impacto da evolución experimentada no caso dos produtos enerxéticos e dos bens intermedios, con incrementos do 3,7% e do 3,4% respectivamente. Asemade, os bens de consumo non presentan variación en relación a decembro do ano anterior.

Marco orzamentario

Os orzamentos públicos son o principal instrumento para o desenvolvemento da política económica dun Goberno, pero tamén determinan o peso do sector público na economía. Un dos indicadores máis estendidos para analizar este peso é a rateo entre o gasto público non financeiro e o Produto Interior Bruto (PIB). No **gráfico 1.2.11.**, realizado a partir dos datos dos orzamentos de 2017 e o avance do PIB proporcionados pola Contabilidade Rexional de España para 2017 (último dato dispoñible), observamos que dita rateo presenta un valor agregado do 13% para o conxunto das CCAA españolas, e que Galicia se sitúa por encima do promedio sinalado cun 15,2%. A comparación en termos per cápita reflicte datos diferentes, aínda que Galicia segue por riba do dato promedio.

A Lei 2/2018, do 26 de decembro aproba os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019. A elaboración deste marco orzamentario enfronta, un ano máis, a dificultade de carecer dun Proxecto de orzamentos xerais do Estado para o ano 2019, e por tanto, de non dispoñer dos datos que van conformar definitivamente o estado de ingresos para o dito exercicio.

O escenario macroeconómico que prevé este orzamento fundaméntase nun sólido crecemento do consumo público e privado, dende o punto de vista da demanda interna e, dunha achega positiva da demanda

externa, cun forte dinamismo das exportacións e das importacións. Estas previsións repercuten nunha prolongación da fase expansiva da economía galega.

Ao amparo do punto un do artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, unha vez determinado o obxectivo de estabilidade orzamentaria da Comunidade Autónoma, o Consello da Xunta de Galicia acordou o límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2019 en nove mil oitocentos cincuenta millóns de euros. O gasto non financeiro recollido nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2019 axústase ao citado teito de gasto e supera o importe dos orzamentos do exercicio anterior en trescentos sesenta e tres millóns de euros.

A conta financeira dos orzamentos 2019, **cadro 1.2.12.**, reflicte que o aforro por operacións correntes alcanza case os 918 millóns de euros motivado pola suba que experimentan os ingresos correntes, nun 4%, en maior medida que o aumento do gasto da mesma natureza. Os ingresos por operacións de capital 678,5 millóns de euros tamén se incrementan respecto ao ano anterior motivado polo aumento das transferencias, tanto as procedentes do Estado como as procedentes da Unión Europea. O gasto de capital dos capítulos VI e VII ascende a 1.652 millóns de euros, incrementándose nun 5,2% respecto aos orzamentos de 2018. Finánciase, en parte, cos ingresos por operacións de capital, polo que o saldo resultante determina unha formación de capital de 973,4 millóns de euros, que financiada co aforro por operacións correntes e xunto co fondo de continxencia, determina unha necesidade de financiamento de 94,8 millóns de euros, inferior á do ano 2018.

A diferenza entre as atencións e os recursos, dentro das operacións financeiras, determinan igualmente unha necesidade de financiamento de 94,8 millóns de euros, un 50,9% inferior á do ano anterior.

O endebedamento neto, obtido como diferenza entre os capítulos IX de ingresos e gastos, alcanza os 237,9 millóns de euros. Unha parte deste endebedamento, 143 millóns, destínase ao financiamento de activos financeiros.

Orzamentos da C.A. 2018-19: conta financeira homoxeneizada ⁽¹⁾

	2018	2019	19/18	
	(en miles de €)		(%)	
Operacións correntes				
Ingresos	8.723.816	9.076.478	352.662	4,0
Imposto directos	2.275.288	2.431.251	155.962	6,9
Impostos indirectos	3.456.205	3.450.728	-5.477	-0,2
Taxas, prezos públicos e outros ingresos	168.557	177.517	8.960	5,3
Transferencias correntes	2.815.373	3.008.296	192.922	6,9
Ingresos patrimoniais	8.392	8.686	294	3,5
Gastos	7.878.278	8.158.873	280.595	3,6
Gastos de persoal	3.762.261	3.889.284	127.023	3,4
Gastos correntes de bens e servizos	1.724.235	1.783.753	59.518	3,5
Gastos financeiros	169.720	165.417	-4.303	-2,5
Transferencias correntes	2.222.062	2.320.419	98.358	4,4
Aforro bruto	845.538	917.605	72.067	8,5
Operacións da capital				
Ingresos	570.117	678.506	108.389	19,0
Alleamento de investimentos reais	10.654	7.340	-3.314	-31,1
Transferencias de capital	559.463	671.166	111.703	20,0
Gastos	1.569.812	1.651.893	82.081	5,2
Investimentos reais	881.489	911.185	29.696	3,4
Transferencias de capital	688.324	740.709	52.385	7,6
Formación de capital	999.695	973.387	-26.308	-2,6
Fondo de continxencia	39.043	39.043	0	0,0
Necesidade de Financiamento	-193.200	-94.825	98.375	-50,9
Operacións financeiras				
Atencións	1.236.840	1.694.542	457.702	37,0
Activos financeiros	161.089	164.010	2.922	1,8
Pasivos financeiros	1.075.752	1.530.532	454.780	42,3
Recursos	1.430.040	1.789.367	359.327	25,1
Activos financeiros	42.980	20.972	-22.007	-51,2
Endebedamento bruto	1.387.060	1.768.395	381.334	27,5
Necesidade de Financiamento	-193.200	-94.825	98.375	-50,9

(1) Orzamentos 2019

Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

1.2.12.

A clasificación económica do orzamento mostra un peso moi diferente dos capítulos de gasto. Así, tal como se observa no **cadro 1.2.13.**, de media nos últimos vinte anos, os orzamentos iniciais da Xunta de Galicia integran o 72% dos créditos nos capítulos de operacións correntes, dos que o 44% son transferencias correntes e o 20% gastos de persoal, en ámbolos dous casos cunha dispersión elevada. Neste senso, o gasto de persoal por empregado público é de 22.900 euros no ano 2018 (cadro 1.2.15.), o máis elevado dende 2010, o que contrasta co descenso no número de persoal ao servizo da Comunidade Autónoma.

A distribución funcional do gasto (**cadro 1.2.15.**) pon de manifesto como dúas funcións do orzamento, sanidade e educación, absorben máis da metade do gasto total, co 34,5% e 20,4% respectivamente. A contía destinada a estas funcións aumenta un 3,4% en relación ao orzamento do exercicio anterior. Esta distribución porcentual do gasto en sanidade e educación é semellante en todas as Comunidades Autónomas das que se ten información.

Tendo en conta todas as funcións do orzamento consolidado, salienta o incremento do 37,1% na partida de-

Clasificación económica do gasto nos orzamentos iniciais da Xunta de Galicia 1999-2019

	Media	Desviación estandar	Máximo	Mínimo
		(% sobre operacións non financeiras)		
Gastos de persoal	19,74	3,67	28,96	17,45
Gastos en bens correntes e servizos	4,79	0,63	6,03	4,05
Gastos financeiros	2,03	1,05	4,57	1,29
Transferencias correntes	43,63	6,72	50,21	28,09
Operacións correntes	72,32	2,88	77,97	66,22
Investimentos reais	5,10	3,39	11,28	2,35
Transferencias de capital	12,14	1,71	16,29	9,20
Operacións de capital	18,33	4,65	27,57	12,70

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

1.2.13.

Gasto de persoal e gasto non financeiro por empregado público 2009-18

	Gasto de persoal por empregado público	Gasto no financeiro por empregado público
	(en miles de €)	
2009	23,5	127,9
2010	23,9	128,4
2011	22,6	106,0
2012	22,5	109,0
2013	20,9	105,0
2014	20,9	115,9
2015	21,0	110,4
2016	21,9	116,0
2017	22,1	120,9
2018	22,9	120,4

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

1.2.14.

dicada á débeda pública, con 1.675,9 millóns de euros, representa o 14,5% do orzamento consolidado.

En comparación co que acontece no resto do Estado, os datos publicados polo Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas reflicten que Galicia presenta incrementos dos créditos orzamentarios consignados nas funcións de sanidade, educación e seguridade e protección social inferiores á media das dez Comunidades Autónomas recollidas no **cadro 1.2.16**. Por contra, a diferenza do acontecido no exercicio precedente, o gasto destinado á “Débeda Pública” aumenta en Galicia un 37,1% mentres que no conxunto das dez CC.AA. reflectidas no devandito cadro, este aumenta un 15% para 2019.

Os indicadores da actividade económico-financeira de Galicia (**cadro 1.2.17.**), recollidos na conta financeira, mostran un aforro bruto por operacións correntes en 2019 de 879 millóns de euros, fronte aos 806,4 millóns do exercicio precedente, como consecuencia dunha medra do 3,6% dos gastos e do 4 % dos ingresos correntes. Pola súa banda, as operacións de capital presentan un saldo negativo de 974 millóns de euros, que foi financiado polo aforro por operacións correntes xunto co fondo de continxencia, que se situou en 39 millóns de euros.

A necesidade de financiamento dos orzamentos no 2019 é de 95 millóns de euros, un 51% inferior á de

Orzamento consolidado de gastos da C.A. 2018-19: Distribución Funcional ⁽¹⁾

Funcións	2018		2019		19/18
	(en miles de euros)	(% / total)	(en miles de euros)	(% / total)	(%)
1 Actuacións de carácter xeral	282.290	2,6	289.458	2,5	2,5
11 Alta dirección da Com. Autónoma	37.188	0,3	38.201	0,3	2,7
12 Administración Xeral	75.336	0,7	67.340	0,6	-10,6
13 Xustiza	146.115	1,4	158.697	1,4	8,6
14 Administración local	13.803	0,1	15.141	0,1	9,7
15 Normalización lingüística	7.848	0,1	8.079	0,1	2,9
16 Procesos electorais e órganos de repres. Política	2.000	-	2.000	-	-
2 Protección civil e seguraza cidadá	24.963	0,2	29.615	0,3	18,6
21 Protección civil e seguridade	24.963	0,2	29.615	0,3	18,6
3 Protección e promoción social	978.183	8,5	1.042.736	9,1	6,6
31 Acción social el promoción social	727.291	6,3	774.430	6,8	6,5
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	245.865	2,1	262.696	2,3	6,8
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	5.027	-	5.611	-	11,6
4 Producción de bens públicos de carácter social	6.404.630	59,7	6.628.509	57,4	3,5
41 Sanidade	3.858.816	36,0	3.985.498	34,5	3,3
42 Educación	2.279.749	21,3	2.360.159	20,4	3,5
43 Cultura	69.872	0,7	72.140	0,6	3,2
44 Deportes	21.946	0,2	24.259	0,2	10,5
45 Vivenda	69.003	0,6	77.826	0,7	12,8
46 Outros servizos comunit. e sociais	105.243	1,0	108.627	0,9	3,2
5 Producción de bens públ. de carácter económico	911.283	8,5	932.707	8,1	2,4
51 Infraestruturas	340.796	3,2	357.802	3,1	5,0
52 Ordenación do territorio	19.185	0,2	15.780	0,1	-17,7
53 Promoción do solo para actividades económicas	23.974	0,2	17.878	0,2	-25,4
54 Actuacións ambientais	124.869	1,2	118.948	1,0	-4,7
55 Actuacións e valorización do medio rural	137.417	1,3	144.376	1,3	5,1
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	158.010	1,5	180.050	1,6	13,9
57 Sociedade da información e do coñecemento	102.615	1,0	93.380	0,8	-9,0
58 Información estatística básica	4.416	-	4.495	-	1,8
6 Regulación económica de carácter xeral	86.720	0,8	92.184	0,8	6,3
61 Actuacións económicas xerais	31.415	0,3	32.480	0,3	3,4
62 Actividades financeiras	55.306	0,5	59.704	0,5	8,0
7 Regulación económica de sectores productivos e dto. empresarial	683.281	6,4	719.536	6,2	5,3
71 Dinamización económica do medio rural	311.232	2,9	323.865	2,8	4,1
72 Pesca	99.342	0,9	102.836	0,9	3,5
73 Industria, enerxía e minaría	46.537	0,4	52.870	0,5	13,6
74 Desenvolvemento empresarial	149.814	1,4	159.946	1,4	6,8
75 Comercio	18.242	0,2	15.835	0,1	-13,2
76 Turismo	58.115	0,5	64.184	0,6	10,4
8 Transferencias a entidades locais	130.480	1,2	133.690	1,2	2,5
81 Transferencias a entidades locais	130.480	1,2	133.690	1,2	2,5
9 Débeda pública	1.222.143	11,4	1.675.916	14,5	37,1
91 Débeda pública	1.222.143	11,4	1.675.916	14,5	37,1
Total	10.723.973	100	11.544.351	100	7,6

(1) Orzamentos 2019

Fonte: Consellería de Facenda, Orzamentos

1.2.15.

Servizos públicos fundamentais nos proxectos orzamentarios das CC.AA. 2019: distribución funcional

	Sanidade			Educación			Seguridade, protección e promoción social			Débeda pública			Resto de funcións ou políticas		
	19/18			19/18			19/18			19/18			19/18		
	(en miles de €)	(%)	(% / total)	(en miles de €)	(%)	(% / total)	(en miles de €)	(%)	(% / total)	(en miles de €)	(%)	(% / total)	(en miles de €)	(%)	(% / total)
Asturias	1.754.935,4	4,9	39,4	803.249,6	6,1	18,0	459.761,5	11,4	10,3	478.611,0	8,8	10,7	963.208,8	11,1	21,6
Baleares	1.724.172,2	9,2	31,6	1.000.107,8	6,9	18,3	180.372,2	-0,8	3,3	1.103.489,9	12,9	20,2	1.449.606,5	8,5	26,6
Canarias	2.997.990,6	2,6	33,9	1.728.743,1	4,2	19,6	468.312,6	19,9	5,3	992.401,7	10,0	11,2	2.646.033,5	10,3	30,0
Cantabria	874.222,5	2,3	30,6	582.089,0	4,6	20,4	228.407,9	2,3	8,0	467.107,6	9,6	16,4	701.936,3	4,7	24,6
Extremadura	1.696.999,5	5,8	32,6	1.070.977,0	2,8	20,6	324.608,4	2,1	6,2	535.470,8	38,7	10,3	1.581.483,7	5,8	30,4
Galicia	3.985.498,2	3,3	34,5	2.360.159,1	3,5	20,5	692.218,4	5,3	6,0	1.675.915,8	37,1	14,5	2.822.202,5	4,6	24,5
Madrid	8.108.965,8	3,0	35,6	4.807.497,7	5,4	21,1	1.778.410,6	4,8	7,8	3.371.532,1	12,5	14,8	4.710.212,1	4,5	20,7
Murcia	1.919.164,2	3,1	33,1	1.437.466,9	4,4	24,8	375.113,2	2,8	6,5	1.229.572,0	16,8	21,2	838.980,1	-2,3	14,5
Navarra	1.082.640,0	2,6	25,1	687.910,0	5,1	16,0	343.497,7	6,3	8,0	337.360,0	1,4	7,8	1.854.792,3	3,1	43,1
C. Valenciana	6.624.076,7	3,8	30,0	4.925.722,2	8,3	22,3	1.872.245,8	26,6	8,5	5.744.103,3	12,2	26,0	2.930.066,2	20,5	13,3
Total(1)	30.768.665,2	3,7	33,0	19.403.922,3	5,6	20,8	6.722.948,2	11,2	7,2	15.935.564,1	15,0	17,1	20.498.522,0	7,5	22,0

Consulta: 31-01-2019

(1) Realizouse cos datos dos Proxectos de Leis de Presupostos Xerais para 2019 presentados polas CC. AA., se ben non se aporta información relativa a: Andalucía, Aragón, Castilla e León, Castela - A Mancha, Cataluña, País Vasco e A Rioxa. Nos cinco primeiros casos non se presentaron ata o momento Proxecto de Presupostos para o exercicio 2019 e no caso de País Vasco e A Rioxa os Proxectos foron retirados.

Fonte: Ministerio de Hacienda, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.16.

Principais magnitudes orzamentarias das CC.AA. 2019

	Aforro bruto	Saldo de operacións de capital	Déficit (-) ou superávit (+) orzamentario non financeiro		Capacidade (+) ou necesidade (-) de endebedamento
	Capítulos 1 a 5 ppto. Ingresos e gastos	Capítulos 6 e 7 ppto ingresos-gastos	Capítulos 1 a 7 ppto ingresos-gastos	En (%) do PIB rexional	Capítulo 9 ppto gastos-ingresos
	(en miles de €)				(en miles de €)
Asturias	87.459,1	-183.532,2	-96.073,1	-0,4	-133.897,5
Baleares	263.838,3	-394.853,9	-131.015,6	-0,4	-130.218,6
Canarias	735.168,6	-628.190,8	106.977,9	0,2	141.358,8
Cantabria	204.343,6	-225.167,0	-20.823,4	-0,1	-32.128,7
Extremadura	7.134,3	-94.879,1	-87.744,8	-0,4	-87.845,8
Galicia	878.988,8	-973.813,7	-94.824,9	-0,1	-237.862,9
Madrid	961.249,3	-789.971,8	171.277,5	0,1	-185.039,5
Murcia	76.130,3	-198.760,1	-122.629,8	-0,4	-70.086,6
Navarra	243.917,4	-290.577,8	-46.660,4	-0,2	-36.167,5
C. Valenciana	1.204.761,8	-1.348.508,6	-143.746,8	-0,1	-251.804,2
Total (1)	4.662.991,4	-5.128.254,8	-465.263,4	-0,1	-1.023.692,5

Consulta: 31-01-2019

(1) Realizouse cos datos dos Proxectos de Leis de Presupostos Xerais para 2019 presentados polas CC. AA., se ben non se aporta información relativa a: Andalucía, Aragón, Castilla e León, Castela - A Mancha, Cataluña, País Vasco e A Rioxa. Nos cinco primeiros casos non se presentaron ata o momento Proxecto de Presupostos para o exercicio 2019 e no caso de País Vasco e A Rioxa os Proxectos foron retirados.

Fonte: Ministerio de Hacienda, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.17.

Necesidade de financiamento da C.A. 2019

(en miles de €)

Saldo orzamentario	-94.824,9
Axustes conforme as normas SEC	25.825
Liquidacións negativas do sistema de financiación	84.807
Intereses	2.000
Inexecución	0
Recadación incerta	-30.000
Obrigas de exercicios anteriores (conta 413/409)	0
Outras unidades consideradas como Administración Pública	-37.000
Aportacións de capital a empresas públicas	0
Transferencias do Estado	0
Transferencias da UE	0
Reasignación de operacións	0
Investimentos de APP's	0
Resto de axuste	6.018
Capacidade / Necesidade de financiación	-69.000
% PIB	-0,1

Consulta: 31-01-2019

Fonte: Ministerio de Hacienda, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.18.

Débeda das CC.AA. 2008 e 2017-18 ⁽¹⁾

	2008			2017			2018		
	débeda acumulada (en millóns de euros)	débeda / habitante (2) (en euros)	débeda / PIB (%)	débeda acumulada (en millóns de euros)	débeda / habitante (2) (en euros)	débeda / PIB (%)	débeda acumulada (en millóns de euros)	débeda / habitante (2) (en euros)	débeda / PIB (%)
Andalucía	8.143	992,78	5,4	34.260	4.088,39	22,0	35.409	4.223,20	21,9
Aragón	1.517	1.143,25	4,3	7.959	6.081,38	21,9	8.251	6.304,59	21,9
Asturias	770	712,87	3,2	4.244	4.100,64	18,5	4.351	4.231,49	18,3
Baleares	2.696	2.512,95	9,9	8.802	7.887,10	28,9	8.706	7.711,88	27,6
Canarias	1.885	908,01	4,4	7.044	3.341,36	15,8	6.808	3.199,72	14,8
Cantabria	511	877,80	3,9	3.033	5.226,65	23,0	3.171	5.465,08	23,2
Castela e León	2.608	1.019,81	4,6	11.870	4.893,23	20,9	12.360	5.130,41	21,0
Castela - A Mancha	2.584	1.264,74	6,4	14.430	7.103,20	35,8	14.714	7.259,69	35,2
Cataluña	20.825	2.827,92	10,0	77.740	10.288,74	34,7	78.732	10.359,39	33,9
C. Valenciana	13.696	2.723,08	12,6	46.187	9.346,74	42,5	47.084	9.485,66	41,8
Extremadura	904	823,51	5,0	4.401	4.075,30	23,4	4.622	4.308,10	23,7
Galicia	3.954	1.420,17	6,7	11.210	4.139,07	18,5	11.342	4.198,03	18,1
Madrid	11.380	1.814,52	5,6	32.785	5.038,28	14,9	33.270	5.057,71	14,6
Murcia	755	529,41	2,6	8.795	5.981,88	28,9	9.232	6.244,13	29,3
Navarra	868	1.399,15	4,6	3.628	5.640,25	18,3	3.445	5.320,02	16,8
País Vasco	1.007	466,83	1,5	10.149	4.625,46	14,2	10.041	4.565,98	13,6
A Ríoxa	393	1.237,79	4,8	1.570	4.978,11	19,2	1.591	5.039,99	18,8

(1) datos correspondentes ao 4º trimestre de cada ano; inclúense as unidades que se ocupan da administración xeral da C.A., as universidades localizadas no seu ámbito e aqueles organismos e empresas dependentes da C.A. que se clasifican como Adm. Pública.


(2) datos do Padrón Municipal de Habitantes a 1 de xaneiro de cada ano

Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

1.2.19.

Recadación tributaria do Estado en Galicia 2008-18. Criterio de caixa

	2008		2017		2018	
	(en miles de euros)	(%)	(en miles de euros)	(%)	(en miles de euros)	(%)
Total	5.721.873	100	6.668.405	100	7.043.926	100
Impostos directos	3.977.499	69,5	4.086.636	61,3	4.208.028	59,7
IRPF	2.593.708	45,3	2.688.969	40,3	2.833.064	40,2
Impostos sobre sociedades	1.323.945	23,1	1.230.210	18,4	1.189.122	16,9
Imposto sobre a renda de non residentes	58.000	1,0	113.198	1,7	126.531	1,8
Resto capítulo I	1.846	0,0	54.259	0,8	59.311	0,8
Impostos indirectos	1.699.985	29,7	2.499.926	37,5	2.781.413	39,5
IVE	1.560.234	27,3	2.271.247	34,1	2.540.565	36,1
Impostos especiais	49.707	0,9	118.292	1,8	121.167	1,7
Tráfico exterior	88.720	1,6	99.615	1,5	109.241	1,6
Taxas e outros ingresos	44.389	0,8	81.843	1,2	54.485	0,8



Fonte: Agencia Tributaria, *Recadación tributaria*

1.2.20.

2018. Tendo en conta os axustes de contabilidade nacional, que é como se mide o obxectivo de estabilidade orzamentaria, a necesidade de financiamento supón 69 millóns de euros (**cadro 1.2.18.**).

O endebedamento neto acada os 237,9 millóns de euros, que se destina, dunha banda, ao financiamento de activos financeiros, que se incrementan en relación ao ano anterior (143 millóns de euros) e doutra banda, os 94,8 millóns de euros restantes financian os investimentos.

A débeda acumulada en Galicia no ano 2018 (referida ao cuarto trimestre de cada ano) volve a medrar en Galicia por baixo da media estatal, acadando os 11.342 millóns de euros segundo o avance do Banco de España. Tras un incremento interanual do 1,2%, Galicia é


a quinta Comunidade que rexistra un menor incremento en relación ao ano anterior, por detrás de Navarra, País Vasco, Canarias e Baleares que reducion a súa débeda acumulada en 2018 (**cadro 1.2.19.**).

En termos relativos, a relación entre o endebedamento e o PIB descende ata o 18,1%. O endebedamento por habitante creceu tamén en relación ao período anterior ata acadar os 4.198 euros, situándose moi por baixo da media das CC.AA., que ascendeu a 6.273,8 euros por persoa.

No que respecta aos indicadores económicos da recadación tributaria do Estado en Galicia, os ingresos tributarios continúan coa súa tendencia positiva. Tras unha medra do 5,6% respecto ao ano anterior (7,6% en España, 6% si se corrixen os desprazamentos de ingre-

Ingresos tributarios da Comunidade Autónoma. Criterios de caixa: 2017-18

	2017	2018	18/17	
	(miles de euros)	(miles de euros)	(miles de euros)	(%)
Capítulo I: Impuestos directos	2.357.315,8	2.369.905,9	12.590,1	0,5
10 Sobre a renda	2.130.720,6	2.067.156,3	-63.564,3	-3,0
11 Sobre o capital	226.595,2	302.695,6	76.100,4	33,6
Capítulo II: Impuestos indirectos	3.300.814,3	3.460.242,6	159.428,4	4,8
20 Sobre transmisións patrimoniais onerosas e actos xurídicos documentados	251.719,9	267.488,4	15.768,6	6,3
21 Imposto sobre o valor engadido	2.003.250,9	2.119.032,3	115.781,5	5,8
22 Impostos sobre consumos específicos	946.264,6	975.156,9	28.892,4	3,1
23 Imposto sobre o xogo	61.124,8	60.988,1	-136,7	-0,2
28 Impostos extinguidos	-	-	0,0	-
29 Tributos propios da Comunidade autónoma	38.454,2	37.576,9	-877,3	-2,3
290 Tributación autonómica sobre o xogo	1,2	24,5	23,3	1.941,7
291 Gravame sobre contaminación atmosférica	4.067,7	3.541,3	-526,4	-12,9
292 Imposto sobre o dano ambiental da auga encorada	11.807,0	11.443,8	-363,2	-3,1
293 Canon eólico	22.578,4	22.567,3	-11,1	-0,0
Capítulo III: Taxas e outros ingresos	179.066,5	187.422,9	8.356,4	4,7
30 Taxas administrativas	24.424,7	27.049,4	2.624,7	10,7
31 Prezos	37.897,8	33.641,3	-4.256,4	-11,2
32 Outras taxas	-	-	0,0	-
34 Ingresos derivados de encomendas de xestión	18.070,4	24.070,2	5.999,9	33,2
35 Ingresos derivados de compensación económicas	2.829,4	2.411,5	-417,9	-14,8
36 Debedores	49.482,3	53.515,5	4.033,3	8,2
37 Ingresos por ensaios clínicos	-	-	0,0	-
38 Reintegros	10.534,4	10.785,5	251,1	2,4
39 Outros ingresos	35.827,7	35.949,5	121,8	0,3



(consulta: 30-04-2019)


Fonte: IGE

1.2.21.

entre 2017 e 2018 por modificación na normativa do IVE), a recadación acadou os 7.044 millóns de euros, manténdose o seu peso relativo no total estatal ata o 3,4%.

No último ano, a recadación por impostos directos aumenta en Galicia un 3% respecto ao ano anterior para situarse nos 4.208 millóns de euros, 121,4 millóns máis. Como reflicte o **cadro 1.2.20.**, este incremento está influenciado fundamentalmente pola medra do 5,4% no

caso do IRPF, cuxa recadación ascende a 2.833,1 millóns de euros (144,1 millóns máis que no exercicio precedente). Por contra, descende a aportación dos impostos sobre sociedades un 3,3%, acadando os 1.189,1 millóns de euros (41,1 millóns menos que no ano anterior). No que atinxe aos impostos indirectos, a recadación incrementase un 11,3% respecto ao ano 2017 para situarse nos 2.781,4 millóns (281,5 millóns menos). Entre estes, o IVE recadou un total de 2.540,6 millóns de euros, un 11,9% máis que no exercicio precedente (269,3 millóns).

Participación da produción, a poboación e o emprego galego ⁽¹⁾ no total español 2008-18

(1) PIB a prezos de mercado, prezos correntes (consulta: 29-04-2019); emprego: afiliados á Seguridade Social
 Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE

1.2.22.

Tras esta evolución, o peso relativo no total da recadación tributaria redúcese no caso da imposición directa, que supón o 59,7% do total, 1,5 puntos menos que no ano anterior, aumentando dous puntos porcentuais no caso dos impostos indirectos, que representan o 39,5% do total. Cómpre mencionar o mantemento do peso do IRPF, que representa o 40,2% da recadación en 2018, porcentaxe aínda moi inferior á rexistrada no momento do inicio da crise económica (45,3%). Por contra, o IVE aporta o 36,1% da recadación, dous puntos máis que no ano anterior (27,3% no ano 2008). O imposto de sociedades representa unha porcentaxe aínda inferior ao de 2008, con 16,9% e 23,1%, respectivamente (18,4% no ano anterior).

Finalmente, cómpre facer referencia aos tributos propios da Comunidade autónoma. Como reflicte o **cadro 1.2.21.**, o importe total destes tributos descende ata os 37,6 millóns de euros, rexistrándose unha caída do 2,3% respecto ao ano anterior (877,3 miles de euros). Entre os distintos tributos cómpre resaltar a importancia do canon eólico, que supón o 60,1% dos tributos propios (22,6 millóns de euros), seguida polos impostos sobre o dano ambiental da auga encorada, cun 30,5% (11,4 millóns). No ano 2017 estas porcentaxes situábanse no 58,7% e 30,7%, respectivamente.

Proceso de converxencia económica

O proceso de converxencia económica é o proceso de aproximación da situación económica dun territorio respecto a outro concreto que se toma como referencia. Unha das variables máis empregadas como indicador é o PIB per cápita, de xeito que se a devandita aproximación prodúcese por un maior crecemento do PIB estase ante unha converxencia activa, a diferenza dunha converxencia pasiva que é resultado dunha caída da poboación. O obxectivo deste apartado é analizar en primeiro lugar a converxencia da economía galega á media estatal, e posteriormente respecto á media comunitaria.

• Converxencia coa media estatal

Segundo os datos da Contabilidade regional do INE, o PIB galego a prezos correntes, tras unha medra do 3,8% respecto ao ano anterior (3,64% en España), ascende a 62.878,4 millóns de euros, o que representa o 5,20% do total estatal (**cadro 1.2.22.**). En termos de volume, o crecemento da economía galega en 2018 foi do 2,7% segundo as estimacións da CRE do INE, unha décima menos que o estimado polo IGE nas súas contas económicas.

Converxencia das CC.AA. fronte a España e a UE 2008-18 ^{(1) (2)}

	Converxencia fronte a España					Converxencia fronte á UE				
	(PIB / habitante)									
	2008 (media España=100)	2017	2018	18/08 (variación absoluta)	18/17	2008 (media UE-28=100)	2016	2017	17/08 (variación absoluta)	17/16
Andalucía	76,7	74,0	74,0	-2,7	0,0	77,8	67,6	68,0	-9,8	0,4
Aragón	109,8	110,3	110,8	1,0	0,5	111,1	99,7	101,3	-9,8	1,7
Asturias	92,0	88,7	89,3	-2,7	0,5	93,1	78,8	81,7	-11,4	2,8
Baleares	105,9	104,9	103,5	-2,4	-1,3	107,3	96,6	96,3	-10,9	-0,3
Canarias	87,3	82,1	81,3	-5,9	-0,7	88,5	75,4	75,7	-12,8	0,2
Cantabria	94,1	90,6	92,1	-2,0	1,6	95,4	81,9	83,3	-12,1	1,4
Castela e León	92,4	93,5	94,4	2,0	0,8	93,5	85,7	86,0	-7,5	0,3
Castela-A Mancha	81,1	79,1	79,9	-1,3	0,8	82,0	71,7	72,7	-9,3	1,0
Cataluña	116,7	119,9	119,0	2,3	-0,9	118,0	109,2	110,3	-7,7	1,1
C. Valenciana	90,1	87,9	87,6	-2,5	-0,3	91,2	80,2	81,0	-10,2	0,8
Extremadura	68,5	70,0	70,3	1,8	0,3	69,3	63,5	64,3	-5,0	0,9
Galicia	87,4	89,4	90,1	2,7	0,7	88,5	80,9	82,3	-6,2	1,4
Madrid	132,5	135,0	135,1	2,6	0,1	134,1	124,6	124,0	-10,1	-0,6
Murcia	83,8	82,3	81,7	-2,1	-0,6	85,1	75,1	75,7	-9,4	0,6
Navarra	124,1	123,1	123,0	-1,1	-0,1	125,7	113,0	113,3	-12,3	0,4
País Vasco	128,7	131,5	131,8	3,1	0,3	130,3	119,8	121,0	-9,3	1,2
A Rioxa	107,0	104,5	103,8	-3,3	-0,7	108,4	96,2	96,0	-12,4	-0,2
Ceuta	85,5	78,0	77,5	-8,1	-0,6	86,6	73,4	71,7	-14,9	-1,7
Melilla	80,5	71,8	71,5	-9,0	-0,4	81,6	67,2	66,0	-15,6	-1,2
Total						101,1	91,1	92,0	-9,1	0,9

(1) converxencia en termos de PIB por habitante; prezos de mercado (paridade poder adquisitivo)

(2) ano 2017, avance e ano 2018 primeira estimación

(consulta: 30-04-2019)

Fonte: INE e EUROSTAT

1.2.23.

O indicador PIB rexionalizable per cápita supera por primeira vez en Galicia os 90 puntos (España=100), para situarse no 90,1%, sete décimas máis que no ano anterior. Como se aprecia no **cadro 1.2.23.**, este valor é o máis elevado da serie considerada, estimándose un aumento respecto ao ano 2008 de 2,7 puntos. Tendo en conta que no período 2008-2018 o crecemento medio da economía española foi do 1%, unha décima máis que a media galega, a converxencia de Galicia respecto á media española no conxunto do período analizado prodúcese polo efecto da caída da poboación.


Tras esta evolución, Galicia mantense como a oitava Comunidade Autónoma co menor valor do PIB rexionalizable, por riba do rexistrado en Extremadura (70,3% do valor español), Andalucía (74%), Castela-A Mancha

(79,9%), Canarias (81,3%), Murcia (81,7%), C. Valenciana (87,6%) e Asturias (89,3%).

• Converxencia coa media europea

Os datos provisionais do produto interior bruto por habitante (en paridade de poder adquisitivo) en Galicia para o ano 2017 reflicten unha medra do 4,2% en relación ao ano anterior, acadando un PIB per cápita equivalente ao 82,3% da media da UE-28 (92% no conxunto do Estado). Comparado co resto das Comunidades Autónomas, Galicia mantense como a sétima Comunidade co menor índice, superando novamente a Extremadura (64,3%), Andalucía (68%), Castela-A Mancha (72,7%), Canarias e Murcia (75,7%), a C Valenciana (81%) e Asturias (81,7%).

Converxencia de Galicia e España fronte a UE-28 e Galicia fronte a España 2000-18



(1) PIB per cápita a prezos de mercado (paridade de poder adquisitivo)
Fonte: INE, EUROSTAT

1.2.24.

O devandito proceso de converxencia das diferentes CC.AA. non é homoxéneo, de xeito que entre os anos 2008 e 2017 Galicia perde 6,2 puntos porcentuais (Estremadura 5 puntos), o que converte nunha das Comunidade que menos diverxe en termos de PIB/habitante, influenciado en parte pola caída da poboación nese período de tempo.

Como se aprecia no **cadro 1.2.24.**, a crise económica frea a senda de converxencia producíndose un marcado proceso de diverxencia tanto do conxunto do Estado como de Galicia coa media europea. No que atinxe á economía galega, entre os anos 2008 e 2013 o indicador PIB por habitante redúcese 9,4 puntos (11,5 puntos no conxunto de España), mentres que dende ese ano ata o 2017 aumenta 3,2 puntos para acadar os devanditos 82,3% (2,4 puntos en España). □

1.3.

Evolución demográfica

A poboación de Galicia a 1 de xaneiro de 2019 descende ata as 2.698.875 persoas, o 5,74% da poboación española, o que significa unha redución de 2.868 persoas en relación á mesma data do ano anterior. Na última década o promedio de descenso da poboación é do 0,3% anual.

A 1 de xaneiro de 2018 Galicia contaba con 114 concellos con menos de dous mil habitantes, vinte máis que no ano 2010, o que representa o 36,4% dos concellos galegos. Cómpre salientar a distribución territorial da poboación na provincia de Ourense, onde tres cuartas partes dos seus municipios (68 de 92 concellos) teñen menos de 2.000 habitantes. Nestes 68 concellos está empadroadado o 25,6% da poboación desa provincia.

No que respecta á concentración da poboación, case tres de cada catro galegos están empadroados no ano 2018 nas comarcas da denominada Galicia costeira, que, ao igual que acontece nas comarcas da Galicia interior, sofren perdas de poboación, aínda que cunha menor intensidade que nas comarcas do interior.

Unha das constantes na demografía dos países avanzados é o seu envellecemento, derivado da menor fecun-

didade así como do aumento da esperanza de vida, entre outras variables. A un de xaneiro de 2019, a poboación de 65 e máis anos aumenta en Galicia ata as 672.930 persoas, o que representa o 24,9% da poboación total, 5,6 puntos porcentuais por riba do rexistrado no conxunto do Estado; esta porcentaxe agrávase nos concellos de menos de 1.000 habitantes, onde o 43,9% a poboación ten máis de 65 anos.

O descenso e envellecemento da poboación son características que comparten moitas economías avanzadas, máis no caso galego é máis preocupante o descenso continuo do volume de poboación activa que repercute de xeito directo na sostenibilidade do sistema de prestacións sociais. Neste senso a poboación activa en Galicia no ano 2018 está composta, segundo a EPA, por 1.243.500 persoas, 61 mil activos menos que no ano 2010.

Ao longo do presente capítulo observaremos como, a pesar do incremento do saldo migratorio, Galicia segue perdendo poboación arrastrada por un saldo vexetativo cada vez máis negativo, lastrado pola unha cada vez menor taxa de natalidade. Tras analizar a estrutura da poboación galega e o movemento natural da poboación

ción, o capítulo dedica un apartado específico ao panorama rural e urbano tendo en conta a importancia do rural galego tanto desde o punto de vista social como do económico ou medioambiental.

Estrutura da poboación

Dende o ano 2010 a poboación residente en Galicia descende de xeito continuado, acadando as 2.698.875 persoas o 1 de xaneiro de 2019, o que supón unha redución do 0,1% respecto a xaneiro do ano anterior. Este descenso prodúcese tanto no caso dos homes como das mulleres así como nas catro provincias galegas. Fronte ao incremento de poboación experimentado no conxunto do Estado (0,6%), tan só catro CC.AA. presentan unha perda da poboación: Asturias (-0,5%), Castela e León (-0,5%), Extremadura (-0,5%) e Galicia (-0,1%).

O descenso continuado da poboación nos últimos anos provoca que, dende o ano 2008, Galicia perdesse 85.294 habitantes, fronte ao incremento do 1,8% no conxunto do Estado. Das nove CC.AA. que perden poboación dende o comezo da crise en 2008 (Aragón, Asturias, Cantabria, Castela e León, Castela-A Mancha, Extremadura, C. Valenciana, Galicia e A Ríoxa), Galicia sitúase, cunha caída do 3,1%, como a terceira con maior redución en termos porcentuais, tras Castela e León (-6,2%) e Asturias (-5,3%). O peso relativo da poboación residente en Galicia descende desde o 6,03% de 2008 ata o 5,74% do ano 2019.

En base aos datos do Padrón Municipal de habitantes, nos últimos vinte anos, o pico máximo de poboación en Galicia rexistrouse no ano 2010 con 2.797.653 persoas empadroadas na Comunidade, ano a partir do que Galicia comeza unha perda continúa de poboación ata acadar en 2018 os 2.701.743 habitantes, en torno a 95 mil habitantes menos que en 2010, un 3,4% menos. Esta perda de poboación dende o ano 2010 rexístrase nas catro provincias galegas, e en todas as comarcas agás nas comarcas de A Coruña, Santiago e Pontevedra. Resulta salientable que en nun período tan curto (2010-2018) en termos demográficos, existan comarcas que perdan máis do 20% da súa poboación como é o caso da Baixa Limia, Terra de Caldelas ou A Paradanta.

2018

	Total	Homes
Andalucía	8.384.408	4.133.898
Aragón	1.308.728	645.498
Asturias	1.028.244	490.738
Baleares	1.128.908	561.803
Canarias	2.127.685	1.054.032
Cantabria	580.229	281.564
Castela e León	2.409.164	1.186.363
Castela-A Mancha	2.026.807	1.014.199
Cataluña	7.600.065	3.730.326
C. Valenciana	4.963.703	2.446.383
Extremadura	1.072.863	531.255
Galicia	2.701.743	1.300.609
A Coruña	1.119.351	536.637
Lugo	331.327	160.647
Ourense	309.293	148.426
Pontevedra	941.772	454.899
Madrid	6.578.079	3.147.872
Murcia	1.478.509	740.143
Navarra	647.554	320.469
País Vasco	2.199.088	1.068.750
A Ríoxa	315.675	155.758
Ceuta	85.144	43.177
Melilla	86.384	43.765
Total	46.722.980	22.896.602
Galicia / España (%)	5,78	5,68

(1) Datos a 1 de xaneiro de cada ano

1.3.1.


A evolución demográfica non é homoxénea dende unha perspectiva xeográfica, observándose contrastes salientables tanto entre as provincias occidentais e as do interior, como a nivel comarcal e municipal.

Por unha banda o conxunto das comarcas que compoñen a chamada Galicia interior sofren unha perda continua de poboación no últimos 10 anos (2008-2018), acadando en 2018 unha poboación empadroada de 752 mil persoas, 66 mil habitantes menos que en 2008 (8,1% menos).

Dunha banda, a poboación residente nas comarcas da denominada Galicia occidental-costa (Barbanza, A Barcala, Bergantiños, Betanzos, A Coruña, Eume, Ferrol, Fisterra, Muros, Noia, Ortegal, Santiago, O Sar, Terra de Soneira e Xallas, na provincia de A Coruña; A Mariña Central, Occidental e Oriental, na provincia de Lugo; e O

Poboación nas CC.AA. 2018-19 ⁽¹⁾

2019						19/18		
Mulleres	Hab./Km2	Total	Homes	Mulleres	Hab./Km2	Total	Homes	Mulleres
4.250.510	95,7	8.410.002	4.145.364	4.264.638	96,0	25.594	11.466	14.128
663.230	27,4	1.318.453	650.242	668.211	27,6	9.725	4.744	4.981
537.506	97,0	1.022.670	488.092	534.578	96,4	-5.574	-2.646	-2.928
567.105	226,1	1.148.947	572.456	576.491	230,2	20.039	10.653	9.386
1.073.653	285,7	2.152.590	1.065.586	1.087.004	289,1	24.905	11.554	13.351
298.665	109,0	580.964	281.753	299.211	109,2	735	189	546
1.222.801	25,6	2.398.214	1.180.795	1.217.419	25,5	-10.950	-5.568	-5.382
1.012.608	25,5	2.032.004	1.016.534	1.015.470	25,6	5.197	2.335	2.862
3.869.739	236,7	7.672.699	3.768.981	3.903.718	238,9	72.634	38.655	33.979
2.517.320	213,4	5.000.868	2.464.016	2.536.852	215,0	37.165	17.633	19.532
541.608	25,8	1.066.998	528.158	538.840	25,6	-5.865	-3.097	-2.768
1.401.134	91,4	2.698.875	1.298.627	1.400.248	91,3	-2.868	-1.982	-886
582.714	140,8	1.119.366	536.340	583.026	140,8	15	-297	312
170.680	45,6	329.469	159.632	169.837	45,3	-1.858	-1.015	-843
160.867	31,4	307.547	147.466	160.081	31,2	-1.746	-960	-786
486.873	209,5	942.493	455.189	487.304	209,7	721	290	431
3.430.207	812,3	6.661.949	3.186.725	3.475.224	822,7	83.870	38.853	45.017
738.366	130,7	1.493.530	747.516	746.014	132,0	15.021	7.373	7.648
327.085	62,3	653.846	323.463	330.383	62,9	6.292	2.994	3.298
1.130.338	304,0	2.206.965	1.072.645	1.134.320	305,0	7.877	3.895	3.982
159.917	62,6	316.551	156.047	160.504	62,7	876	289	587
41.967	4.481,3	84.777	42.912	41.865	4.461,9	-367	-265	-102
42.619	6.644,9	86.465	43.891	42.574	6.651,2	81	126	-45
23.826.378	92,3	47.007.367	23.033.803	23.973.564	92,9	284.387	137.201	147.186
5,88		5,74	5,64	5,84				

Evolución demográfica 2008-2019 ⁽¹⁾: distribución provincial

(1) 2008 = 100

Fonte: INE, *Estadística del Padrón Continuo*

1.3.2.

Evolución da poboación 2008-18 ⁽¹⁾: distribución provincial, nas 7 grandes cidades e segundo concellos

	2008	2014	2015	2016	2017	2018	Poboación 2018		
							Menores 16 anos	De 16 a 64	65 e máis
							(% sobre poboación)		
Total	2.784.169	2.748.695	2.732.347	2.718.525	2.708.339	2.701.743	12,7	62,4	24,9
A Coruña	1.139.121	1.132.735	1.127.196	1.122.799	1.120.294	1.119.351	13,0	62,7	24,3
Lugo	355.549	342.748	339.386	336.527	333.634	331.327	10,7	60,4	28,9
Ourense	336.099	322.293	318.391	314.853	311.680	309.293	10,6	58,3	31,2
Pontevedra	953.400	950.919	947.374	944.346	942.731	941.772	13,9	64,0	22,1
Galicia occidental costa	1.965.482	1.966.178	1.958.303	1.951.986	1.950.384	1.949.387	13,5	63,5	23,1
Galicia interior	818.687	782.517	774.044	766.539	757.955	752.356	10,9	59,5	29,7
Sete grandes cidades	993.124	994.407	989.936	987.779	987.412	988.028	13,5	63,4	23,1
Vigo	295.703	294.997	294.098	292.817	292.986	293.642	14,0	64,0	22,0
A Coruña	245.164	244.810	243.870	243.978	244.099	244.850	13,0	62,7	24,4
Ourense	107.057	106.905	106.231	105.893	105.636	105.505	13,0	61,6	25,4
Lugo	95.416	98.560	98.134	98.268	97.995	98.025	14,0	64,6	21,4
Santiago de Compostela	94.339	95.800	95.612	95.966	96.456	96.405	13,8	64,6	21,6
Pontevedra	80.749	82.946	82.539	82.549	82.671	82.802	14,9	64,9	20,2
Ferrol	74.696	70.389	69.452	68.308	67.569	66.799	11,6	60,8	27,7
Concellos segundo tamaño									
< 1.000 hab.	28.027	23.952	23.306	22.604	22.026	22.533	5,1	51,1	43,9
1.001 a 5.000 hab.	475.635	425.767	419.667	412.059	405.372	393.180	8,2	56,4	35,4
5.001 a 10.000 hab.	399.710	397.037	394.075	391.564	389.892	383.564	12,2	61,2	26,6
> 10.000 hab.	1.880.797	1.901.939	1.895.299	1.892.298	1.891.049	1.902.466	13,8	63,9	21,6

(1) datos do padrón

(2) comparativa feita en base a 2018; Cesuras e Oza dos Ríos incluídos en 2008 no grupo de 1001 a 5000 hab. Cerdedo-Cotobade antes do 2017 no de 5001 a 10000 hab.

Fonte: IGE, Cifras de poboación, Padrón Municipal de Habitantes

1.3.3.

Baixo Miño, Caldas, O Morrazo, Pontevedra, O Salnés e Vigo, na provincia de Pontevedra) comeza a diminuír a partir do ano 2011, de xeito que entre o pico de poboación do dito ano e 2018 as comarcas da Galicia costeira perden 35.320 habitantes, rexistrándose no ano 2018 unha poboación empadroada de 1.949.387 persoas. As perdas de poboación que se observan tanto na Galicia interior como na costeira, non teñen a mesma intensidade, de xeito que o promedio de perda de poboación entre os anos 2008-2018 na Galicia interior é dun 0,8% anual, na Costa este promedio cae ata o 0,1% anual; como consecuencia continúa a concentración da poboación na Galicia occidental costa ata o 72,2%, 1,1 puntos porcentuais superior á rexistrada en 2008 onde se rexistra o nivel máis baixo da serie analizada (**cadro 1.3.3.**).


No último ano tan só catro das 53 comarcas galegas rexistran unha medra da súa poboación residente: A Coruña, Santiago e Betanzos, na provincia da Coruña (2.264, 450 e 36 habitantes máis, respectivamente), e

Vigo, na provincia de Pontevedra (804 residentes máis). En relación á poboación residente a 1 de xaneiro de 2008, só as comarcas de A Coruña, Santiago, Pontevedra, Vigo e Lugo experimentan unha medra da súa poboación.


A nivel municipal, 59 dos 313 concellos galegos experimentaron no último ano unha medra da súa poboación, dos que 23 pertencen á provincia da Coruña, outros 20, a Pontevedra, nove a Ourense e sete a Lugo. Comparando a poboación empadroada en xaneiro de 2018 coa empadroada na mesma data de 2008, dos 48 concellos que experimentan un incremento da súa poboación, vinte pertencen a provincia de A Coruña e 19 a Pontevedra, cinco a Lugo e os restantes catro concellos a Ourense.

A número de habitantes dos sete concellos galegos con máis poboación permanece practicamente constante no último ano en relación ao ano anterior, con-

Evolución da poboación 2008-18



Poboación na Galicia occidental costa e na Galicia interior 2008-18




Fonte: IGE, Cifras de poboación, Padrón Municipal de Habitantes

1.3.4.

secuencia fundamentalmente, de que Vigo e A Coruña con 1.407 habitantes máis conxuntamente, compensan as perdas de poboación de Ferrol e Ourense, con 770 e 131 habitantes menos, respectivamente. Ao longo dos últimos anos aumenta a concentración da poboación nestas cidades, acollendo o 36,6% da poboación a 1 de xaneiro de 2018 fronte ao 35,7% de 2008.

Atendendo á evolución ao longo dos últimos dez anos, destaca o descenso da poboación empadroada no concello de Ferrol, con 7.897 habitantes menos en 2018 que en 2008, o que supón unha caída do 10,6%. Asemade, Ourense presenta unha caída do 1,4% no período considerado (1.552 empadroados menos), seguidos de Vigo, cunha diminución do 0,7% (2.061 persoas) e A Coruña, cun 0,1% menos (314 persoas).

Poboación en Galicia 2008, 2014-18 (1): distribución segundo tamaño dos concellos



(1) datos do padrón

Fonte: IGE, Cifras de poboación, Padrón Municipal de Habitantes

1.3.5.

Os tres concellos que entre 2008 e 2018 experimentan un incremento da poboación empadroada son Lugo, cunha medra do 2,7% (2.609 persoas máis), Pontevedra cun 2,5% (2.053 habitantes) e Santiago de Compostela, cun 2,2% (2.066 persoas).

A 1 de xaneiro de 2018, 56 concellos en Galicia contaban cunha poboación empadroada superior aos 10.000 habitantes, nos que en conxunto estaban empadroadas 1.902.466 persoas, 1.486 máis que na mesma data do ano anterior, o que supón o 70,4% do total da poboación de Galicia. Tal como se observa no **cadro 1.3.5.**, entre o 1 de xaneiro de 2008 e 2018 estes concellos presentaron unha medra en torno ás 11.800 persoas, pasando o seu peso relativo dende os 67,9% ata o 70,4% de 2018 (64,4% no ano 1998). A poboación residente nos 32 concellos que en xaneiro de 2018 tiñan menos de 1.000 habitantes descendeu ata as 22.533 persoas (506 menos que no ano anterior), o que representa o 0,8% da poboación galega.

A desagregación provincial dos datos atendendo ao tamaño dos concellos reflicte o leve aumento ou estabilidade da poboación empadroada nos concellos de máis

de dez mil habitantes nas catro provincias galegas, así como a concentración da poboación nestes concellos, fundamentalmente nas provincias de Pontevedra onde o 83% da súa poboación reside nestes concellos, así como na provincia da Coruña, onde o 71% da poboación está empadroada en concellos de máis de 10.000 habitantes. Por contra en Ourense e Lugo estas porcentaxes son en torno ao 51% en ámbolos dous casos.

Considerando os concellos máis pequenos en termos de poboación, dentro da provincia de Ourense localízanse 68 dos 114 concellos de menos de 2.000 habitantes existentes en Galicia, sendo destacable que o 74% dos concellos ourensás están dentro desta franxa de poboación. Se consideramos en conxunto a poboación residente en concellos con menos de 5.000 persoas empadroadas, o 36,7% da poboación de Ourense e o 35,7% no caso de Lugo está empadroada neses concellos, sendo esta porcentaxe do 15,4% en Galicia e tan só 12,2% no conxunto do Estado.

A perda de poboación rexistrada no ano 2018 en relación ao ano anterior, afecta tanto a homes como a mulleres (3.783 e 2.813 menos, respectivamente),

Poboación nas CC.AA. 2019⁽¹⁾: distribución segundo grupos de idade

	Total		Grupos de idade				
		(%)	0-14	15-44	45-64 (%)	≥65	≥85
Andalucía	8.410.002	17,89	15,7	38,6	28,5	17,1	2,4
Aragón	1.318.453	2,80	14,0	35,3	29,0	21,7	4,3
Asturias	1.022.670	2,18	10,9	31,7	31,7	25,7	4,9
Baleares	1.148.947	2,44	15,1	41,6	27,8	15,5	2,2
Canarias	2.152.590	4,58	13,3	40,2	30,6	15,8	2,0
Cantabria	580.964	1,24	13,3	34,4	30,5	21,8	4,0
Castela e León	2.398.214	5,10	11,9	32,2	30,6	25,4	5,4
Castela-A Mancha	2.032.004	4,32	15,0	37,5	28,5	19,0	3,8
Cataluña	7.672.699	16,32	15,3	38,2	27,8	18,8	3,2
C. Valenciana	5.000.868	10,64	14,8	37,1	28,9	19,3	2,8
Extremadura	1.066.998	2,27	13,5	36,1	29,7	20,7	3,8
Galicia	2.698.875	5,74	11,9	33,5	29,4	25,2	4,7
A Coruña	1.119.366	2,38	12,1	33,6	29,7	24,6	4,3
Lugo	329.469	0,70	10,1	31,1	29,7	29,1	6,6
Ourense	307.547	0,65	9,8	30,1	28,7	31,4	6,8
Pontevedra	942.493	2,00	12,8	35,4	29,3	22,5	3,8
Madrid	6.661.949	14,17	15,3	38,9	28,1	17,7	2,9
Murcia	1.493.530	3,18	17,2	40,1	27,1	15,6	2,3
Navarra	653.846	1,39	15,5	36,4	28,5	19,6	3,5
País Vasco	2.206.965	4,69	13,8	33,9	30,0	22,3	3,9
A Ríoxa	316.551	0,67	14,5	35,5	29,1	20,9	4,0
Ceuta	84.777	0,18	20,5	41,7	26,1	11,7	1,4
Melilla	86.465	0,18	22,8	42,1	24,8	10,3	1,3
Total	47.007.367	100	14,6	37,3	28,8	19,3	3,2

(1) Datos a 1 de xaneiro de cada ano
Fonte: INE, *Padrón continuo*

1.3.6.

rexistrándose a mesma tendencia nas catro provincias galegas. A porcentaxe de poboación feminina tanto en Galicia como nas catro provincias galegas é do 52%.

• Composición por idades

O problema demográfico galego reside non tanto na perda de poboación, como na composición por idades da mesma. A 1 de xaneiro de 2019 a idade media en Galicia ascende a 47,3 anos, catro anos máis que a media do Estado, sendo a terceira Comunidade Autónoma con maior idade media, só por detrás de Asturias (48,3 anos) e Castela e León (47,6 anos). A idade media das mulleres é superior á dos homes con 48,8 anos de media no caso das mulleres e 45,6 anos no dos homes en Galicia (44,6 e 42 anos en España, respectivamente).

A distribución da poboación por idades a nivel provincial mostra como as provincias de Ourense e Lugo son


a segunda e terceira do Estado cunha maior idade media da súa poboación, con 50,7 e 49,9 anos de media respectivamente, só superada pola provincia de Zamora con 50,9 anos de media. Nas provincias da Coruña e Pontevedra, a idade media ascende a 46,9 anos e 45,6 anos, en ámbolos dous casos por riba da media estatal.

Asociado ao aumento xeneralizado da idade media, a 1 de xaneiro de 2019, todas as CC.AA. presentan unha medra da súa poboación maior de 45 anos, que a nivel estatal se sitúa no 1,9% (412 mil persoas máis nesa franxa de idade) e que en Galicia é do 1,1% (16 mil persoas máis)


Sen embargo en Galicia descende a poboación menor de 44 anos nun 1,5% (case 19 mil persoas menos), fronte ao aumento rexistrado no conxunto do Estado do 18,8% (3,9 millóns de persoas).

Poboación en Galicia e España 2008 e 2019⁽¹⁾: estrutura segundo grupos de idade

Galicia



España



(1) Os datos de 2008 son definitivos e 2019 son provisionais a 1 de xaneiro
 Fonte: INE, *Padrón continuo*

1.3.7.

Tras esta evolución, un de cada catro galegos (25,2%), no ano 2019, ten 65 ou máis anos (19,3% no conxunto do Estado), porcentaxe semellante ás máis altas do Estado que son as rexistradas en Asturias e Castela e León (25,7% e 25,4%, respectivamente), mentres que tan só o 11,9% da poboación residente en Galicia é menor de 14 anos (14,6% en España), porcentaxe só superior á rexistrada en Asturias (10,9%). O peso relativo das persoas maiores de 85 anos sobre o total de poboación ascende en Galicia ata o 4,7%, o que a sitúa tan só por detrás das mencionadas Castela e León e Asturias (5,4% e 4,9%, respectivamente), e moi por encima da media estatal que é do 3,2% da poboación total.

Tal como se observa nos **gráficos 1.3.7.**, dende o ano 2008, o descenso da poboación galega afecta en exclu-

siva ás persoas cunha idade comprendida entre 15 e 44 anos, cunha caída do 20,6% (235 mil habitantes menos), este descenso é 5,6 puntos porcentuais superior ao que se produce no conxunto do Estado. Os restantes grupos de idade presentan taxas de variación positivas aínda que inferiores á media española. Neste senso, o incremento máis acusado é o experimentado polas persoas maiores de 85, cun 51,9%, así mesmo a poboación menor de 14 anos, medra un 1,7% no período 2008-2019, e a poboación de 45 a 64 anos, un 9,3%.

A nivel provincial, Ourense e Lugo ten poboación de máis idade, de xeito que máis do 31,4% da poboación de Ourense supera os 65 anos, sendo esta porcentaxe case 22 puntos porcentuais superior ao que representan os menores de 15 anos (9,8%). Na provincia de

Poboación estranxeira en Galicia e España 2018 ⁽¹⁾

	Estranxeiros			Poboación total			Estranx. / total
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	
							(%)
Galicia	92.558	44.898	47.660	2.701.743	1.300.609	1.401.134	3,4
A Coruña	34.483	16.252	18.231	1.119.351	536.637	582.714	3,1
Lugo	13.398	6.869	6.529	331.327	160.647	170.680	4,0
Ourense	13.264	6.420	6.844	309.293	148.426	160.867	4,3
Pontevedra	31.413	15.357	16.056	941.772	454.899	486.873	3,3
España	4.734.691	2.373.878	2.360.813	46.722.980	22.896.602	23.826.378	10,1
			(%)				
Galicia / España	2,0	1,9	2,0	5,8	5,7	5,9	
A Coruña / Galicia	37,3	36,2	38,3	41,4	41,3	41,6	
Lugo / Galicia	14,5	15,3	13,7	12,3	12,4	12,2	
Ourense / Galicia	14,3	14,3	14,4	11,4	11,4	11,5	
Pontevedra / Galicia	33,9	34,2	33,7	34,9	35,0	34,7	

(1) Últimos datos definitivos disponibles
 Fonte: INE, *Padrón Continuo*

1.3.8.

Lugo, o 29,1% da poboación ten máis de 65 anos, fronte ao 10,1% dos menores de 15. Cómpre resaltar que en ambas as dúas provincias máis do 6,5% da poboación ten 85 ou máis anos. Comparado co resto das provincias españolas, Ourense e Lugo son, xunto con Zamora, as que presentan as maiores porcentaxes de poboación maior de 65 anos e as menores con mozos de 15 ou menos anos.

Se se considera a desagregación por idades entre a Galicia occidental-costa e a Galicia interior, na última década, o descenso poboacional na Galicia interior, rexístrase tanto no caso dos menores de 16 anos (2.806 habitantes menos), como na poboación potencialmente activa (60.730 persoas menos) e nos maiores de 65 anos (2.795 persoas menos). Por contra, nas comarcas da denominada Galicia occidental costa o descenso prodúcese tan só no caso da poboación de 16 a 64 anos (97.384 habitantes menos), aumentando en case 73 mil as persoas de 65 e máis anos e en 8.426 os menores de 16 anos. A Galicia interior presenta unha poboación máis envellecida, representando as persoas maiores de 65 o 29,6% da súa poboación (23,1% na costa), en tanto que a poboación nova supón o 10,9% (13,5% na Galicia occidental-costa).

Mentres que no conxunto de Galicia a poboación con

máis de 65 anos representa en torno ao 25%, nos municipios máis pequenos, con menos de 1.000 habitantes, o 43,9% da súa poboación supera os 65 anos, situándose esta porcentaxe no 35,4% nos concellos cunha poboación entre 1.001 e 5.000 empadroamentos (21,6% nos concellos de máis de 10.000 habitantes). Por contra, a poboación menor de 16 anos é o 5,1% nos concellos menores de mil habitantes, e sitúase no 8,2% co caso daqueles cunha poboación entre 1001 e 5000 habitantes (12,7% no conxunto de Galicia).

Como reflicte o devandito **cadro 1.3.3.**, das sete grandes cidades de Galicia, Pontevedra, cun 14,9%, é a que presenta a maior porcentaxe de persoas menores de 16 anos, así como o menor peso relativo no caso das persoas de 65 e máis cun 20,2%. Por contra, en Ferrol só o 11,6% da poboación ten menos de 16 anos e o 27,7% supera os 65 anos.

• Poboación estranxeira e movementos migratorios

A 1 de xaneiro de 2018 en Galicia residían un total de 92.558 persoas con nacionalidade estranxeira, o que supón un incremento do 6,2%, 5.369 estranxeiros máis en relación ao ano anterior. O **cadro 1.3.8.** mostra que a poboación estranxeira representa o 3,4% da poboación total residente en Galicia, lonxe do 10,1% que re-

Poboación estranxeira en Galicia e España 2018 ⁽¹⁾

Lugar de nacemento	Poboación					
	Total		Nacionalidade			
		(%)	española	(%)	non española	(%)
España	2.701.743	100	2.609.185	100	92.558	100
Estranxeiro	2.479.780	91,8	2.475.021	94,9	4.759	5,1
Países europeos	221.963	8,2	134.164	5,1	87.799	94,9
UE (28)	79.245	2,9	47.501	1,8	31.744	34,3
Países europeos non UE(28)	59.525	2,2	30.093	1,2	29.432	31,8
África	19.720	0,7	17.408	0,7	2.312	2,5
América	16.482	0,6	4.581	0,2	11.901	12,9
América Central e Caribe	119.844	4,4	80.323	3,1	39.521	42,7
América do Norte	19.343	0,7	12.678	0,5	6.665	7,2
América do Sur	7.231	0,3	5.301	0,2	1.930	2,1
Asia	93.270	3,5	62.344	2,4	30.926	33,4
Oceanía	6.036	0,2	1.521	0,1	4.515	4,9
	356	0,0	238	0,0	118	0,1

(1) Últimos datos definitivos disponibles
 Fonte: INE, *Padrón Continuo*

1.3.9.

presenta a poboación estranxeira no conxunto da poboación estatal; Galicia segue sendo a segunda Comunidade Autónoma con menor peso relativo de poboación estranxeira, superando tan só a Extremadura (2,9%). Na Comunidade galega están empadroados o 2% dos estranxeiros residentes no Estado español, porcentaxe significativamente inferior ao peso relativo da poboación galega en España, que é do 5,8%.

En termos absolutos, as provincias da Coruña, con 34.483 empadroados con nacionalidade estranxeira, e Pontevedra, con 31.413, son as que teñen unha maior presenza de estranxeiros. Sen embargo, atendendo ao peso relativo respecto ao total de poboación, a provincia galega na que máis relevancia teñen os estranxeiros é Ourense, cun 4,3% da súa poboación total, seguida de Lugo, co 4%. Esta rateo sitúase no 3,3% na provincia de Pontevedra e no 3,1% na Coruña.

No ano 2018, igual que acontecera no ano anterior, dado o incremento da poboación estranxeira, o descenso da poboación residente en Galicia ven explicado pola caída do número de persoas de nacionalidade española (11.965 persoas menos). Entre as persoas de nacionalidade española esta caída rexístrase nas catro provincias, sendo as máis acusadas as rexistradas na

Coruña, con 3.769 persoas, e Lugo, con 3.069 menos. No que atinxe ás persoas de nacionalidade estranxeira, todas as provincias aumentan o número de empadroados de nacionalidade estranxeira en 2018 en relación ao ano anterior; salientando A Coruña con 2.826 estranxeiros máis, e Pontevedra con 1.282 máis.

No que respecta ao lugar de nacemento da poboación estranxeira residente en Galicia, **cadro 1.3.9.**, do total dos estranxeiros que residen en Galicia a 1 de xaneiro de 2018, o 54% procede do continente americano, dos que máis de tres cuartas partes son nados en América do Sur, o 35,7% procede de Europa, o 7,4% son africanos, e o 2,7% asiáticos.

Das 93.270 persoas nadas en América do Sur que residían en Galicia no ano 2018, 5.770 máis que no ano anterior, o 67% teñen nacionalidade española, e só o 33% son de nacionalidade estranxeira. En xeral no ano 2018 aumenta o número de residentes procedentes do estranxeiro que dispoñen de nacionalidade española, situándose nas 134.164 persoas, dos que o 46,5% proceden de América do Sur, o 35% da Unión Europea (agás España) e o 9,5% de América Central e Caribe.

En relación aos movementos migratorios rexistrados en

Movements migratorios con terceros países 2017-18 ⁽¹⁾: distribución segundo nacionalidade e grupo de idade

	1º semestre de 2017			1º semestre de 2018		
	Inmigracións	Emigracións	Saldo migratorio	Inmigracións	Emigracións	Saldo migratorio
Total	7.339	5.655	1.684	9.740	4.259	5.481
Española	2.483	2.393	90	3.118	2.110	1.008
0-14	315	257	58	364	246	118
15-39	780	1.134	-354	989	964	25
40-64	848	743	105	1.099	680	419
>65	540	259	281	666	220	446
>85	49	50	-1	81	29	52
Estranxeira	4.856	3.262	1.594	6.622	2.149	4.473
0-14	803	185	618	1.047	182	865
15-39	2.699	1.621	1.078	3.669	1.132	2.537
40-64	1.147	1.200	-53	1.631	699	932
>65	207	256	-49	275	136	139
>85	16	28	-12	17	11	6

(1) os datos de 2018 son provisionais

Fonte: INE, *Estadística de migraciones*

1.3.10.

Galicia entre o primeiro semestre de 2017 e de 2018, o saldo migratorio exterior presenta un signo positivo de 5.481 persoas. Como se aprecia no **cadro 1.3.10.**, no primeiro semestre de 2018, tanto as saídas cara ao resto de España como cara a terceiros países son inferiores ao volume de entradas rexistradas.

No que ás migracións cara e dende terceiros países se refire, no primeiro semestre de 2018 un total de 4.259 persoas abandonaron a Comunidade Autónoma galega, e 9.740 persoas estableceron a súa residencia en Galicia. Como resultado acádase nos primeiros seis meses do ano 2018 un saldo de 5.481 persoas (no primeiro semestre de 2017 foi de 1.684). O saldo migratorio no caso das persoas de nacionalidade española é positivo en 1.008 persoas, así como no caso das persoas de nacionalidade estranxeira con 4.473 persoas. Por áreas xeográficas, salienta o saldo migratorio positivo cos países da América do Sur con 4.217 persoas, en concreto desataca Venezuela cun saldo de 2.420 persoas, seguida de Brasil con 604, e Colombia con 582 persoas.

Por grupos de idade, obsérvase como no primeiro semestre do ano 2018, o 48% dos inmigrantes e o 49% dos emigrantes en Galicia dende e cara terceiros países teñen entre 15 e 39 anos, senso o saldo migratorio das persoas nesta franxa de idade positivo en 2.562 per-

soas, a grande maioría con nacionalidade estranxeira. Salientar igualmente que o 10,7% dos inmigrantes e o 9,3% dos emigrantes teñen máis de 65 anos, cun saldo migratorio positivo no primeiro semestre de 2018 de 643 persoas, dos que case o 80% teñen nacionalidade española.

No que atinxe aos movementos interautonómicos, o saldo migratorio para Galicia no primeiro semestre de 2018 é negativo en 138 persoas, sendo os grupos de idade que máis poboación perden, dentro dos movementos entre CC.AA., os de 20 a 34 anos, cun saldo negativo de 420 persoas, fronte ao saldo positivo en 207 persoas maiores de 65 anos, nos seis primeiros meses do ano 2018.

Movemento natural da poboación

Un ano máis, como reflicte o **cadro 1.3.11.**, xunto ao saldo migratorio positivo Galicia presenta o saldo vexetativo negativo máis elevado de todas as CC.AA, acadando no primeiro semestre de 2018 unha perda de 9.135 persoas.

O último ano que, segundo a serie estatística do IGE, Galicia presenta un saldo vexetativo positivo é o 1987, ano a partir do que os saldos vexetativos son sempre negativos, acadando en 2017, último dato dispoñible,

Indicadores demográficos das CC.AA. 2018 ⁽¹⁾

	Poboación a 1 de xaneiro	Saldo migratorio		Crecemento vexetativo	Poboación a 1 de xullo
		exterior	interior		
Andalucía	8.410.094	3.752	-3.086	-5.371	8.405.294
Aragón	1.313.135	4.362	1.038	-2.445	1.316.064
Asturias	1.027.624	1.035	-88	-4.169	1.024.381
Baleares	1.166.923	7.298	1.999	428	1.176.627
Canarias	2.177.048	13.718	-274	-1.827	2.188.626
Cantabria	581.294	1.010	122	-1.416	580.997
Castela e León	2.418.556	2.522	-2.344	-7.857	2.410.819
Castela-A Mancha	2.032.595	2.417	-1.406	-2.765	2.030.807
Cataluña	7.488.717	33.125	-1.018	-4.180	7.516.544
C. Valenciana	4.946.233	6.573	1.630	-5.959	4.948.411
Extremadura	1.070.453	682	-1.513	-2.335	1.067.272
Galicia	2.703.149	5.481	-138	-9.135	2.699.299
Madrid	6.549.519	29.037	5.529	3.714	6.587.711
Murcia	1.475.569	2.406	140	997	1.479.098
Navarra	643.866	2.338	374	-370	646.197
País Vasco	2.170.868	5.302	77	-3.625	2.172.591
A Ríoxa	312.884	568	-184	-543	312.719
Ceuta	85.209	-145	-366	216	84.913
Melilla	84.708	83	-492	369	84.667
Total	46.658.447	121.564	-	-46.273	46.733.038

(1) os datos de saldo migratorio son provisionais e corresponden ao 1º semestre

Fonte: INE, *Estadística de migraciones*

1.3.11.

o saldo negativo máis elevado da serie, con 13.517 defuncións máis que nacementos (**cadro 1.3.12.**).

No ano 2017, en Galicia por cada 1.000 habitante rexístranse cinco defuncións máis que nacementos. Isto sitúa a nosa Comunidade Autónoma como a terceira (por detrás de Asturias e Castela León) cun menor saldo vexetativo por cada mil habitantes.

Os datos definitivos do ano 2017 reflicten un incremento do saldo negativo superior ao do ano anterior, resultado dun descenso do 3,2% no número de nacementos e unha medra do 0,6% no caso das defuncións.

A correlación directa entre natalidade e a estrutura po-
boacional condiciona a existencia dunha taxa bruta de natalidade en Galicia de 6,82 nacementos por cada


1.000 habitantes, por debaixo da media estatal de 8,41, e a terceira máis reducida do Estado.

As taxas de natalidade difiren de xeito moi relevante se a nai te nacionalidade española (6,5 fillos nados por cada 1.000 habitantes en Galicia) ou se a nacionalidade da nai é estranxeira (14,78 fillos por cada 1.000 habitantes). En Galicia no ano 2017 o número de nados de nai española descende un 4% en relación anterior, acadando os 17.082 nacementos no último ano, por contra, as persoas nadas de nai estranxeira medran un 8,3% acadando os 1.363 nados. Se a comparación se realiza co acontecido no ano 2008, o número de nacementos de nai española descende un 20,1% (4.299 nacementos menos) fronte ao descenso do 24% no caso de nai estranxeira (431 menos).


Finalmente, destacar que no ano 2017, a taxa bruta de

Movemento natural da poboación 2009-17

Nacementos e defuncións



Taxas brutas de natalidade e mortalidade



Consulta: 17-4-2019

Fonte: INE: Fenómenos demográficos e IGE: Nacementos, matrimonios e defuncións.

1.3.12.

mortalidade foi en Galicia de 11,82 falecidos por cada 1.000 habitantes, a terceira máis elevada do Estado. A maior esperanza de vida das mulleres, case seis anos máis que os homes, provoca que o rateo de masculinidade na defunción en Galicia sexa do 98,5%, isto é que por cada 100 defuncións de mulleres falecen 98,5 homes.

Panorama rural e urbano

A análise da distribución da poboación segundo o grao de urbanización adquire una especial relevancia en Galicia dada a importancia do mundo rural galego tanto

dende un punto de vista económico como social e medioambiental.

Das 2.701.743 persoas residentes en Galicia a un de xaneiro de 2018, un 36,6% (988.028 habitantes) reside nas denominadas zonas densamente poboadas (ZDP), é dicir, naquelas áreas cunha densidade superior a 500 habitantes por quilómetro cadrado e unha poboación total de alomenos 50.000 habitantes, e un 36,8% (994.180 persoas) nas denominadas zonas intermedias (ZIP), que son aquelas zonas que non pertencen a ZDP e que contan cunha densidade superior a 100 habitantes por quilómetro cadrado e, ou ben a poboación total

Evolución demográfica de Galicia: distribución segundo o grao de urbanización

	1996	2008	2017	2018
Galicia				
Total	2.742.622	2.784.169	2.708.339	2.701.743
ZDP	35,5%	35,7%	36,5%	36,6%
ZIP	31,7%	35,1%	36,7%	36,8%
ZPP	32,8%	29,2%	26,9%	26,6%
A Coruña				
Total	1.110.302	1.139.121	1.120.294	1.119.351
ZDP	37,9%	36,4%	36,4%	36,5%
ZIP	31,9%	36,5%	38,1%	38,3%
ZPP	30,2%	27,2%	25,4%	25,3%
Lugo				
Total	370.303	355.549	333.634	331.327
ZDP	23,0%	26,8%	29,4%	29,6%
ZIP	22,7%	24,5%	25,6%	25,7%
ZPP	54,3%	48,7%	45,0%	44,7%
Ourense				
Total	346.913	336.099	311.680	309.293
ZDP	30,9%	31,9%	33,9%	34,1%
ZIP	14,8%	18,2%	19,9%	20,0%
ZPP	54,4%	49,9%	46,2%	45,8%
Pontevedra				
Total	915.104	953.400	942.731	941.772
ZDP	39,5%	39,5%	39,8%	40,0%
ZIP	41,5%	43,5%	44,4%	44,5%
ZPP	19,0%	17,0%	15,7%	15,6%

Fonte: IGE, Panorama rural-urbano

1.3.13.

da zona é superior a 50.000 habitantes, ou ben son adxacentes a unha ZDP. O restante 26,6% (719.535 persoas) reside nas zonas pouco poboadas, que son aquelas áreas locais que non pertencen a ningunha das anteriores.


Como se reflicte no **cadro 1.3.13.**, esta distribución difire sensiblemente entre as distintas provincias galegas. Así, mentres que a poboación que reside nas ZPP de Ourense concentran o 45,8% da súa poboación e o 44,7% no caso de Lugo, en Pontevedra esta porcentaxe sitúase no 15,6%. Por contra, o 40% da poboación de Pontevedra vive nas denominadas ZDP, cando en Lugo reside nestas áreas o 29,6% da súa poboación (34,1% en Ourense). Asemade, as ZIP concentran o 44,5% da poboación residente en Pontevedra, porcentaxe moi superior ao rexistrado en Ourense, cun 20%, e Lugo, cun 25,7%.

A evolución demográfica non é homoxénea dende esta perspectiva xeográfica, apreciándose contrastes significativos entre as zonas consideradas. En relación ao ano anterior, o descenso da poboación galega en case 6.600 persoas rexístrase tan só nas denominadas ZPP, con 7.919 persoas menos (1,1% menos), aumentando

por contra un 0,1% tanto nas ZDP (616 habitantes máis) como nas ZIP (707 persoas máis). Dunha banda, Ourense e Lugo son as provincias que presentan os maiores descenso de poboación nas ZPP tanto en termos absolutos como relativos. Entre o 1 de xaneiro de 2017 e 2018, a poboación residente nas ZPP de Ourense descendeu un 1,6% (2.272 persoas menos) e en Lugo un 1,4% (2.103 habitantes menos). No lado oposto salienta o incremento da poboación nas ZIP en A Coruña, con 1.076 habitantes máis entre as dúas datas consideradas (0,3%), así como o rexistrado en Pontevedra nas ZDP, con 787 persoas máis (0,2%).

Se se considera un horizonte temporal máis amplo, o **gráfico 1.3.14.** amosa que entre os anos 1996 e 2018 a caída da poboación rexístrase tan só nas zonas pouco poboadas, aumentando tanto nas zonas intermedias como nas densamente poboadas. Dunha banda, entre os dous anos considerados, a poboación residente nas ZPP descende en 179.524 persoas, o que supón unha caída do 20%. Doutra, a poboación residente nas ZIP aumenta en 124.417 persoas, o que representa un 14,3%, situándose este incremento en 14.228 habitantes no caso das ZDP, o que supón un 1,6% máis.

Poboación galega segundo o grao de urbanización



Fonte: IGE, Panorama rural-urbano

1.3.14.

Ao longo deses vinte anos, a perda de poboación tan só se produce nas provincias do interior influenciado pola caída da poboación nas zonas pouco poboadas. Dunha banda, entre 1996 e 2018 a poboación residente nas ZPP de Lugo redúcese en 53.180 persoas (38.976 persoas menos na provincia de Lugo), o que significa unha caída do 26,4% (-10,5% en Lugo). Por contra, aumenta lixeiramente nas zonas intermedias (1.353 habitantes máis; 1,6%) e nas ZDP (12.851 persoas máis; 15,1%). Doutra banda, a caída de 37.620 persoas na provincia de Ourense (10,8%) explícase fundamentalmente pola redución da poboación nas ZPP, que presentan unha redución de case o 25% (46.871 habitantes menos), descendendo un 1,5% nas ZDP (1.555 persoas menos). As provincias de A Coruña e Pontevedra presentan tamén unha caída da súa poboación nas ZPP, se ben estas se producen a un ritmo lixeiramente por riba do 15,5%.

• Composición por sexo e idades

O **cadro 1.3.15.** reflicte que a idade media das persoas residentes en Galicia é superior entre as mulleres que entre os homes, sendo máis elevada nas zonas pouco poboadas que nas ZDP e ZIP. Para o conxunto da Comunidade Autónoma, a idade media nas ZPP ascende ata os 51,6 anos (53,3 anos no caso das mulleres), cifra moi superior á rexistrada nas ZIP, con 44,9 anos (46,2 entre as mulleres), e nas ZDP, con 45,6 anos (47,4 no caso das mulleres).

A provincia de Ourense é a que presenta a idade media máis elevada, con 50,5 anos, ascendendo a mesma ata os 55,1 anos no caso das ZPP. Esta idade ascende ata os 57 anos no caso das mulleres residentes nas ZPP, case cinco anos superior á idade media das mulleres no conxunto da provincia (52,1 anos). En Lugo, a idade

Idade media da poboación segundo sexo e grao de urbanización

	2008			2017			2018		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Galicia									
Total	44,4	42,7	46,0	46,8	45,1	48,3	47,0	45,4	48,5
ZDP	43,0	41,0	44,7	45,4	43,3	47,2	45,6	43,6	47,5
ZIP	41,9	40,5	43,2	44,6	43,2	45,9	44,9	43,5	46,2
ZPP	49,1	47,3	50,9	51,4	49,7	53,1	51,6	50,0	53,3
A Coruña									
Total	44,1	42,4	45,6	46,5	44,8	48,0	46,7	45,0	48,2
ZDP	44,0	41,9	45,8	46,2	44,0	48,1	46,4	44,2	48,2
ZIP	41,8	40,6	43,0	44,4	43,2	45,6	44,7	43,5	45,9
ZPP	47,2	45,5	48,9	49,8	48,2	51,5	50,1	48,5	51,7
Lugo									
Total	47,8	46,3	49,2	49,5	48,0	50,9	49,7	48,2	51,0
ZDP	42,7	41,0	44,2	44,7	42,8	46,3	44,9	43,0	46,5
ZIP	45,7	44,0	47,2	47,5	45,9	49,0	47,7	46,1	49,2
ZPP	51,6	50,0	53,1	53,7	52,3	55,2	53,8	52,5	55,2
Ourense									
Total	48,2	46,5	49,8	50,3	48,6	51,9	50,5	48,8	52,1
ZDP	43,7	41,9	45,3	46,3	44,2	48,1	46,6	44,4	48,4
ZIP	43,0	41,9	44,0	45,7	44,4	46,9	46,0	44,7	47,3
ZPP	52,8	50,8	54,8	54,9	53,0	56,8	55,1	53,3	57,0
Pontevedra									
Total	42,2	40,5	43,8	45,0	43,3	46,6	45,3	43,6	46,9
ZDP	41,7	39,9	43,4	44,5	42,5	46,3	44,8	42,8	46,6
ZIP	41,0	39,6	42,4	44,0	42,6	45,3	44,3	42,9	45,7
ZPP	46,4	44,2	48,5	48,8	47,0	50,6	49,1	47,3	50,9

Fonte: IGE. Panorama rural-urbano

1.3.15.

Poboación segundo grandes grupos de idade, sexo e grao de urbanización

	2008			2018		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Galicia						
Total						
Total	2.784.169	1.344.268	1.439.901	2.701.743	1.300.609	1.401.134
<20	15,8%	16,9%	14,8%	15,9%	17,0%	14,9%
20-59	56,4%	58,4%	54,6%	52,7%	54,5%	51,1%
≥60	27,7%	24,7%	30,6%	31,4%	28,5%	34,1%
ZDP						
Total	993.124	466.737	526.387	988.028	461.299	526.729
<20	16,6%	18,2%	15,3%	16,8%	18,5%	15,3%
20-59	58,5%	60,0%	57,2%	53,7%	55,4%	52,2%
≥60	24,8%	21,9%	27,5%	29,5%	26,1%	32,4%
ZIP						
Total	978.544	478.889	499.655	994.180	484.305	509.875
<20	17,9%	18,8%	17,0%	17,7%	18,7%	16,8%
20-59	58,6%	60,3%	57,1%	54,9%	56,2%	53,7%
≥60	23,5%	20,9%	25,9%	27,4%	25,1%	29,6%
ZPP						
Total	812.501	398.642	413.859	719.535	355.005	364.530
<20	12,4%	13,1%	11,7%	12,1%	12,7%	11,5%
20-59	51,2%	54,5%	48,1%	48,4%	51,1%	45,8%
≥60	36,4%	32,5%	40,2%	39,5%	36,3%	42,7%

Fonte: IGE, Panorama rural-urbano

1.3.16.

Índice de envelhecimento segundo sexo e grao de urbanización

	2008			2017			2018		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Galicia									
Total	135,5	109,0	163,5	154,7	127,5	183,9	156,4	129,3	185,3
ZDP	111,4	85,7	138,6	131,8	102,4	163,2	133,2	103,5	164,7
ZIP	97,8	79,8	117,0	116,5	98,1	136,1	118,9	100,5	138,5
ZPP	239,8	197,1	285,4	275,0	233,1	320,6	276,5	235,7	320,9
A Coruña									
Total	130,4	104,4	157,8	149,0	122,0	177,7	150,7	124,0	179,1
ZDP	129,5	99,0	161,5	146,2	112,7	181,7	146,8	113,1	182,4
ZIP	96,7	79,9	114,7	112,5	95,7	130,3	114,9	98,1	132,8
ZPP	190,0	155,0	227,4	227,7	190,6	268,2	230,4	195,0	268,7
Lugo									
Total	205,2	171,8	240,2	214,6	182,9	247,9	213,6	183,3	245,3
ZDP	106,7	82,8	131,5	116,6	91,3	143,1	117,7	92,9	143,4
ZIP	159,8	130,0	191,3	167,6	140,5	195,9	168,5	142,0	196,2
ZPP	326,2	281,3	373,5	368,8	325,7	414,1	365,5	324,4	408,8
Ourense									
Total	209,5	173,3	248,0	234,0	196,4	274,2	235,6	198,1	275,6
ZDP	119,7	95,0	146,0	146,3	114,3	180,0	147,9	115,5	182,2
ZIP	111,3	95,0	128,4	132,9	113,4	153,8	136,4	117,3	156,6
ZPP	377,2	314,6	443,3	430,0	369,2	495,8	432,3	371,1	498,8
Pontevedra									
Total	101,3	79,1	125,0	124,9	101,5	150,2	127,2	103,6	152,8
ZDP	93,0	71,3	116,1	117,5	91,9	145,1	119,5	93,4	147,7
ZIP	86,8	69,4	105,4	109,6	91,4	129,2	112,1	93,8	131,8
ZPP	170,7	131,1	214,0	200,5	164,6	240,3	203,3	167,4	243,5

Fonte: IGE, Panorama rural-urbano

1.3.17.

media ascende ata os 49,7 anos, catro anos menos que a idade media nas ZPP da provincia (53,8%). A idade media das mulleres é de 51 anos cando nas ZPP supera os 55 anos.

Por contra, a idade media máis baixa corresponde á provincia de Pontevedra con 45,3 anos (46,9 anos no caso das mulleres), descendendo a mesma ata os 44,8 anos no caso das ZDP (46,6 anos entre as mulleres). Nos tres graos de urbanización e tanto para homes como para mulleres, o devandito **cadro 1.3.15.** amosa que esta provincia presenta unha idade media inferior ao do conxunto de Galicia.

Nas ZPP de Galicia o 39,5% da poboación ten 60 ou máis anos, dez puntos máis que no conxunto das ZDP e doce máis que nas ZIP (31,4% en Galicia). No caso da poboación menor de 20 anos, tan só o 12,1% da poboación está nesa franxa de idade, fronte áos 17,7% no caso das ZIP e o 16,8% das ZDP. No caso das mulleres, o 34,1% das mulleres galegas ten 60 ou máis anos, ascendendo esta porcentaxe ata o 42,7% no caso das ZPP, mentres que nas ZDP o seu peso relativo é do 32,4% e nas ZIP do 29,6%.


Atendendo á distribución segundo provincias, cómpre resaltar que as ZPP de Ourense son as que presentan as porcentaxes máis elevadas de poboación maior de 60 anos (45,9% da poboación desa área e 49,9% no caso das mulleres) e as máis reducidas entre os menores de 20 anos (9,5% da poboación total das ZPP e o 9,1% no caso das mulleres). Asemade, cómpre resaltar que mentres que o peso relativo da poboación menor de 20 anos máis elevado rexístrase en Pontevedra e A Coruña nas ZIP, en tanto que en Lugo e Ourense isto prodúcese nas ZDP.

En termos relativos, o índice de envelhecimento, que mide o número de persoas de 65 e máis anos por cada cen menores de 20 anos, acada os valores máis elevados nas ZPP, destacando Ourense, con valores superiores a 432, e Lugo, con máis de 365 (en Galicia a media é de 276,5). Asemade, como amosa o **cadro 1.3.17.**, os índices presentan valores máis elevados no caso das mulleres que dos homes en todos os casos.

• Movemento natural da poboación

Como se reflicte no **gráfico 1.3.18.**, as ZPP presentan

Movement natural da poboación



Fonte: IGE, Panorama rural-urbano

1.3.18.

as peores taxas ao longo de toda a serie considerada. Dunha banda, os datos definitivos do IGE para o ano 2017 indican que nestas zonas pouco poboadas a taxa de natalidade descende ata os 5,1 nacementos por cada mil habitantes fronte aos 7,6 nacementos nas ZDP ou aos 7,4 nacementos por cada mil habitantes nas ZIP. Doutra banda, a taxa de mortalidade presenta unha tendencia crecente ao longo de toda a serie acadando os 16 falecementos por cada mil habitantes nas ZPP. Este indicador é sensiblemente máis elevado que as rexistradas nos outros grados de urbanización considerados, situándose no 10,2 falecementos tanto nas ZIP como nas ZDP.

Tendo en conta a evolución das taxas brutas de natalidade e mortalidade, o crecemento vexetativo é cada vez máis negativo tanto en Galicia como nas tres zonas de poboación consideradas. En 2017, por cada mil habitantes rexístranse en Galicia cinco defuncións máis que nacementos. Este crecemento vexetativo negativo sitúase en 10,9 no caso das zonas pouco poboadas, cando nas zonas densamente poboadas por cada mil habitantes hai 2,6 defuncións máis que nacementos, e nas zonas intermedias, 2,8. 

